

DORNA



EXPRESIÓN POÉTICA GALEGA Nº 43
2020

D O R N A



Esta obra atópase baixo unha licenza internacional Creative Commons BY-NC-ND 4.0. Calquera forma de reprodución, distribución, comunicación pública ou transformación desta obra non incluída na licenza Creative Commons BY-NC-ND 4.0 só pode ser realizada coa autorización expresa dos titulares, salvo excepción prevista pola lei. Pode acceder Vde. ao texto completo da licenza nesta ligazón: <https://creativecommons.org/licenses/by-nc-nd/4.0/deed.gl>

© Universidade de Santiago de Compostela, 2021
© Xunta de Galicia, 2021

EDITA
Edicións USC
Campus Vida
15782 Santiago de Compostela
www.usc.gal/publicacions

ISSN 0213-3806
ISSNe 2340-0099

EXPRESIÓN POÉTICA GALEGA N° 43

2020

DIRECTOR: Ramón Lorenzo

COMITÉ DE REDACCIÓN: Alba Cid, Ismael Ramos.

SECRETARIA: Alba Cid

COMITÉ ASESOR: Antonio López Díaz (Reitor da Universidade de Santiago de Compostela), Valentín García Gómez (Secretaría Xeral de Política Lingüística da Xunta de Galicia), Elías J. Feijó Torres (Decano da Facultade de Filoloxía), Francisco A. Cidrás Escáneo (Director do Departamento de Filoloxía Galega), Luís González Tosar (Presidente do Pen Clube).

IMAXES: Lúa Gándara. Pinturas da serie *Cositas en el espacio*.
www.luagandara.com - @luagandara

DESEÑO E COMPAXINACIÓN: Isabel Argüelles

ENDEREZO: **DORNA**, Expresión Poética Galega, Cátedra de Lingüística e Literatura Galega, Facultade de Filoloxía, Universidade de Santiago de Compostela, 15705, Santiago de Compostela.

ENDEREZO ELECTRÓNICO: dornausc@gmail.com

A revista DORNA reitera o chamamento ás escritoras e aos escritores para que nos envíen as súas colaboracións, a ser posible por correo electrónico ou ben por correo ordinario, acompañadas dunha versión dixital.

O comité de redacción de DORNA non se compromete a manter correspondencia sobre os textos que se lle envíen nin a devolver os orixinais.

CREACIÓN

NOVA

Abraham Pérez

o corpo transparente das horas

resignificar o futuro
e os seus ismos
anacos veloces do pasado
cara unha im-posíbel
nova constelación

a precariedade estabilizada diseminándose
alén da xornada laboral (crime impune)
 ás miñas costas
durante a ollada á pintura de Nolde

a pornografía existencial
 o baleiro
e a revolta no cadaleito aberto
de Schiele, de Beckmann e de Kirchner

as elipses dilatadas
na ausencia de deuses

a necesidade dunha interpretación
que permita o senso
da chuvia na Historia

perante a noite durmida de Atenas

[...reconfiguración]
como oposición á necesidade
na fricción histórica
sempre hai cousas
que ~~arranxar~~
na guerra
no pensamento paranoico
na pel madura dunha mazá

e no espazo baleiro
—como aceno e verba—
dos anacos da memoria danada dos obxectos doutro século

o son constante da interrupción
parcelas de alcatrán
como densidade da memoria

persistencia nos altos peiraos da noite
a paixón e as poses punk de reflexos postmodernos
sobre a paisaxe que resiste
na alta marea do texto
coa densa potencia da demolición

a pertinencia da linguaxe
no desacougo dos ocos

a porosidade conceptual
 revestida
do acto involuntario

as figuras borráronse
e quedou o peso non lexíbel e virtual

na memoria vibra
un conxunto de máscaras co seu intermitente baile

esqueleto fantasmagórico
[...] / a non industrialización
nas sociedades —sombreadas cidades xa— postindustriais

a sombra imposíbel
da pulsión
tensión da imaxe o rostro
afastado / e os xestos cinematográficos do desexo
alén da posibilidade
indómita da —túa / sempre túa—
indiferenza

Poemas do libro inédito *o corpo transparente das horas*

Alexandre Nerium

Soneto

*A percebeira é unha illa
A illa ten nome de peixe esquivo
E os homes van
PACO SOUTO*

Oes a dor exhausta da raspeta
cravarse no arneirón da furna. As sebes
que atesouran as pólas dos percebes
xemen canda as cadernas da buceta.

Furas o mar como unha garabeta,
como a resaca vas, como o sal reves.
Agardas a calada, as ondas leves
e as uñas apañar para a saqueta.

Vai de morto a marea. Á noite ardora.
Non é máis que silencio esta demora
que agocha morte, que procura vida.

A lúa, o teu retorno. Escacha o tomo
os seus cristais mortíferos no lombo
até sandar a fenda da Ferida.

Alfonso Pexegueiro

Un repaso de vida

A Ana C.

Que pouco sabemos desas distancias que non separan, unen!

Amor Elas

“Por exceso de Amor, vereime privado, creo,
de todo desexo, se algo se pode perder
a forza de amar”*

Ouh, miña senhor, quen persegue ao mundo?

Por enriba de ti que os ángulos determinaran
Por que os ríos nos imitaban

—Ámote, Y.

Naceremos novas formas de desexo

Habemos morrer cando poder non exista?

*Arnaut Daniel

Elas

Inseparables, ela e mais eu, a mesma.

Ela (a mesma)

Recolleu o pelo que termou cunha cinta de liño
cubríndose coa bata de seda (cubrir os seios)

"Si?"

O timbre soa para chorar

"a señora da casa?"

"a señora da casa non está" (a cicatriz)

O vacío da beleza intranquila, muller.




Ela son eu, repetiu en voz baixa.

Ela son eu, vacío indeterminado, escribira
na primeira páxina do seu diario;

logo virían páxinas en branco e un debuxo:

Ela son eu. Ela son eu. Que lonxe está todo!



Despois, máis páxinas en branco.


Un novo debuxo, debaixo:

quen regresa á casa sobre o silencio?

(a historia, a muller, a nena, o neno...)

Máis adiante outro debuxo; ao lado:

Un reloxo estrélase contra a dúbida.



O Pobo, Elas e mais o paporrubio

Pobo e o trigo do sol.
Paporrubio e refuxio de pés, feridos arces.
Pobo e a dúbida da idade
no tempo indeciso (de ser)
Aquelas horas
Pobo atopado nun anaco de metal
—estatuas de vergonza— fixéronlle
(a cereixa feriu o idioma na linguaxe)

Xiadas mañás.

Pobos mortos que xa non senten a vida
se non é na fame.

Ruídos de guerra: “los cañones
apuntan a la Nada y las cabezas caen”*

Mentes humanas
que buscades nos ronseis do crime?

Como Ela e mais Eu

Como Ela e mais Eu non somos, vixíannos.
O corazón ulisca á serpe, e ladra.

Alguén sabe que sucede cando se cumpre co descoñecido?

*Cadro de Carlos Crego: *Acciones de guerra o los Balcanes*. Barcelona, 1992. Actualmente está na colección do Parlamento de Galicia en Santiago de Compostela.

De Rousseau a Wittgenstein

Hoxe arrincaríalle os ollos ao vento.
E unha linguaxe nova xurdiría
desta forma de morrer, sen pasado e sen futuro.

Xuntos.

Sen historia.
(poida que a Historia teña que morrer sen ser humana)
Sen présa, o tempo é un paxaro xigante que cruza
a noite e troceamos sen escoita (noites de insomnio)

...

Chegarei ata o Medo da Cidade entre pedras, entullos, fábricas en ruínas,
despoxos de vida, campos de lixo onde os nenos e as nenas xogan a roubarlle
a comida ás ratas; detrás do terremoto e do silencio fendido o neno morre
abríndolle os ollos á fame, porque cre que a fame é un xoguete que vén
visitalo; o neno roubándolle xoguetes e dozura á fame;

Cantas cifras detrás dos muros do horror que volve!

Falamos de poetas. Poetas? Que é iso?

**Para que queredes un poeta vivo
se non sabedes que facer con el;
Matádeo e celebrádelle as pompas.**

“Ás veces as metáforas explican a natureza mellor que as ecuacións”, di o Premio Nobel de química Roald Hoffman.

**Nada nace arredor do mundo para confirmarnos estados estables.
A historia pasou débil e enferma sobre ponlas ilustradas. Metáforas.**

Pero a metáfora:

**Para que queredes un poeta vivo
se non sabedes que facer con el;
Matádeo e celebrádelle as pompas.**

É unha metáfora-ecuación, onde podemos substituír os parágrafos dándonos a información base do existir:

**Para que queredes un neno vivo
se non sabedes que facer con el**

...

**Para que queredes a infancia viva
se non sabedes que facer con ela**

...

**Para que queredes a vida viva
se non sabedes que facer con ela.**

...

Matádeo, matádea, e logo choralos, choralas, e celebrádelle as pompas. Parece coma se o destino da Humanidade fose chorar o que non soubo vivir.

Que evolución (ou madurez) é esa que nos fai retroceder no amor e avanzar na violencia?

Non nos formaron na forma de coñecer, nas múltiples formas de coñecer.

Cantas veces me preguntei se a Poesía non é a mesma Infancia que se manifesta e reclama, a través da palabra e o silencio, o amor e a existencia que lle negaron e negan, reclama a súa experiencia de vivir.

A poesía como autoridade social que debemos recoñecer.

O silencio, ou roteiro sonoro pola memoria dos lugares vividos

Lembro voces percorridas de amor, mais tamén tons de reproche, e as súas pegadas.

Lembro palabras agarimosas nunha lingua que non entendo.

Lembro os ecos dunha mañá de sábado en Melilla (o asubío do afiadador, as falas difusas), o seu ar acougado e morno, arrecendendo a verán.

Lembro o renxer da cadeira sobre as baldosas dunha casa vella que antes foi cuartel.

Lembro o son da leña ardendo na cociña de ferro da avoa.

Lembro o bruído tenro das vacas cando María entra na corte.

Lembro a choiva batendo nas lousas e cristais de Compostela, alumeando as pedras.

Lembro unha tarde nunha librería de vello en Dublín, e o son sutil e delicado dos dedos rozando as páxinas dun libro.

Lembro acordar unha mañá nunha aldea de Nicaragua co canto de miles de paxaros.

Lembro unha festa nun soto de Berlín, o ritmo repetitivo da música golpeando nas tempas, no tronso da danza.

Lembro o murmurio apenas audíbel da neve pousándose na superficie do abrigo.

Lembro a abertura de *Tristan und Isolde* nun teatro alemán, coma un acompañamento da amizade.

Lembro o silencio recollido en centos de igrexas en tres continentes.

Lembro atravesar no solpor un Zoco Grande (*Place du 9 Avril*) totalmente baleiro, mentres ao fondo resoa a chamada ao *maghrib*.

Lembro noites de Ramadán en Tánxer nas que durmo arrolada pola infinda melodía festiva da vixilia.

Lémbrome no patio silandeiro dunha mesquita de Fez, aloumiñada polo canto da auga que abrolla da fonte.

Lembro as diferentes sonoridades dun feixe de linguas, e a vibración singular coa que cada unha delas atravesa a pel e penetra no corpo.

Lembro noites de confidencias en clubs de jazz, perdéndome polas reviravoltas da música, mergullada nos seus feitizos.

Lembro unha tarde na *Park Avenue* de Nova York, na que, de súpeto, se abre un oco no rebumbio do tráfico e as multitudes: o milagre do silencio na cerna da cidade.

Amauta Castro

Acupuntura do pracer

Todo comeza / un / dezanove / vinte e un / respira / respira fondo / vinte e un / vinte e dous / VINTE E UN / vinte e un / once / trinta / seis / para / vinte e un / para / pousa a man / na caluga / vinte e un / dentes / vinte e sete / tres / para / di aquela frase na orella / volve dicila / vinte e un / seis / cinco / catro / para / suspira / vinte e dous / ollos / ollos contra ollos / detidamente / baixa / vinte e seis / once / sete / oito / dezaioito / CATRO / CATRO / CATRO / sube / dezanove / repousa no ombreiro / volve / repite / volve repetir / un / ...

Sobre a ilustración de Sònia Solà Gil, 2020



Arancha Nogueira

a sesta

isto non é un poema semellante a unha postal de centroeuropa

isto é un poema sobre un plano cenital

sobre a cama, unha muller
non correctamente centrada tampouco
excesivamente descentrada

unha muller de ollos abertos
e unha poeta
de ollos abertos

un cuarto en silencio

e a percepción de que algo debería ser tranquilo

(non hai ningún orgullo nesa mitoloxía
non hai
ningunha promiscuidade)

a sesta
pediría un sacrificio
porque a hora da sesta require un habitar incómodo
como todos os lugares de tránsito

ne me quitte pas

fóra do cuarto, as respiracións compasadas doutras criaturas

o descanso

e os ollos abertos da muller
e da poeta

hai moitísima violencia na tranquilidade
moitísima
violencia

pero a muller non se permite o movemento
non hai ruído
nin tentativa de ruído

porque ninguén interrompe a sesta dun pai

a muller
 e a poeta
súan sabas de algodón finísimo que non permiten gratitude

a muller ten os ollos abertos
contempla só dúas certezas:

a necesidade de alimento
e que todo comezo, por definición,
 trae consigo o poder de perderse

que convivir con pantasma en sabas silenciosas
é o castigo que dá a perda
e polo tanto
o castigo que alimentan todos os comezos

ne me quitte pas

a muller
 e a poeta
en plano cenital
poderían representar un espellismo
unha calma
unha maternidade, incluso
un conxunto cromático perfecto

a espera dun amante
o descanso
o ceo amarelo do inicio de outono
a fiestra aberta
esa canción de Jacques Brel
un triunfo

pero hai algo ontoloxicamente triste na austeridade dunha sesta

e que poderían saber unha muller
e unha poeta
de gañar

nunca coñecerían a vitoria

como non permitirían nunca o atrevemento
de interromper o sono de calquera pai.

Baldo Ramos

Eterno retorno

volveu.

despois de anos lonxe,
afastada daquel lugar no que botara a andar había máis de setenta anos,
sentiuse estranxeira,
foránea na súa propia casa.

os seus avós construírana nun tempo de miserias compartidas,
con tanto esforzo como esperanza
en que os fillos nunca a abandonaran.

nin os fillos dos seus fillos,
nin quen escribe estas palabras deshabitadas
e baleiras de esperanza.

pero ela volveu.

reconstruíu os afectos en cada recanto da casa,
en cada obxecto recuperado do abandono ameazante,
restaurado co mimo da fidelidade intacta.

cada recordo foi colocado fielmente nun lugar estratéxico
para que a memoria non fose un territorio hipotecado polo esquecemento,
e aquel presente puidese xustificar
tantos anos de emigración
e de proxectos incumpridos.

pensou que ser feliz sería aquilo.

pero seguía a sentirse estranxeira na súa propia casa.

faltaba menos para o verán.

por fin coñecería o seu primeiro neto.

Australia era un país inmenso na súa imaxinación de nai afeita a esperar.

percorrían polas noites antes de durmir
e acababa perdéndose,
 somnia mbula,
polos camiños que a levaban ata ese día.

as antípodas da felicidade non sempre quedan lonxe.

ás veces o pasado é unha lei de punto final.

e outras veces o futuro semella
unha coartada pactada co destino
 para podermos seguir soñando.

Do libro inédito *As aldeas da memoria*

Benjamín Vidal

Hieros Gamos

Hespérides cinguen o ceo nos brazos
vestidas coa cofia e co facho na man,
conducen a ovella e levan a cabra,
separan a filla da casa e da nai.

Oh Hime Himeneo, oh Himeneo Hime.

Cruzade o éter, cruzade as montañas,
chegade a esta illa co canto nupcial,
mirade quen chora no alto da casa,
á mesma vez noiva e orfa do mar.

Oh Hime Himeneo, oh Himeneo Hime.

O leito está libre, o posto vacante,
Penélope enfía os raios do sol
por medio da trama da gorxa silente,
un veo encarnado, mortalla do amor.

Oh Hime Himeneo, oh Himeneo Hime.

Pasaron os días, pasaron os anos,
a pel segue branca nos brazos, nos pés,
cabelos de negros en cinsa mudaron,
vermellos os ollos, desexa morrer.

Oh Hime Himeneo, oh Himeneo Hime.

Embaixo pretenden a man enviuvada;
enriba a viúva de noite berrou:
«mi madre, de veras que eu xa non podo
seguir co tecido de este labor».

Oh Hime Himeneo, oh Himeneo Hime.

Agora presentes as fillas de Nigte,
Penélope, érguete e deixa o tear.
Calzados os pés con sandalias de ouro,
camiña feliz cara ás augas do mar.

Io Hime Himeneo, io Himeneo Hime.

Avanza suxeita á man da criada,
o medo que sentes axiña ha marchar:
non tes que esquecer a Odiseo ou a Troia
pois non é cun home con quen vas casar.
Io Hime Himeneo, io Himeneo Hime.

Cen nomes coñece este noivo galante:
Océano, Pélago, Ponto ou Sal.
O lume dos fachos aluma a túa cara,
ledicia do enlace que vas consumir.
Io Hime Himeneo, io Himeneo Hime.

Recóllenche os baixos do peplo mollado,
atrás queda a area, atrás o solpor,
atrás os desvelos, atrás a urdidoira,
atrás os recordos dun tempo mellor.
Io Hime Himeneo, io Himeneo Hime.

Recendo dos peixes, de barcos e ausencias,
inspira esta voz que che chega aos pulmóns:
agora es auga, xa nunca máis viúva.
Penélope xace nas costas de Ilión.
Io Hime Himeneo, io Himeneo Hime.

Carlos da Aira

Fitar os ollos do corzo

Es quen de fitar os ollos do corzo?
Teñen algo así como unha tea de labaradas,
un xeito de chorar que debería preocuparche
non recoñeceres; triángulos invertidos
desprendéndose do lacrimal,
ortocentros situados no exterior das barriadas,
formas de parir que non aparecen nas follas
—tampouco nas dos libros—
tótems, retratos de antepasados
incumprindo a regra dos terzos

0,666 o número da besta aproximándose
—lentamente, con nocturnidade—
á presa: 0,618 —o número de ouro—
e, como resultado áureo, o lume.

Non, non é estraño que o metal da beleza
sexa tamén o da morte.
Podes nomealo con todo o coidado de non mancarte
ou bisbar *capitalismo* e romper o ritmo no abismo.

Se sucumbes ó asedio, tronzas as liñas rectas,
as contas non cadran.
Se ladeas a cabeza ou perdes o paso,
cáeche enriba a noite e acordas,
inocuo, horizontal, xigante, ligado de pés e mans,
na isoglosa piromántica.

Talvez poderías entón fitar os ollos do corzo,
estudares a fórmula para calcular o volume dunha esfera,
catro pi erre ó cubo partido por tres
probar a berrar a fórmula como canto de arrollo,
probar a amar por igual o cazador e o corzo,
gravares nas súas retinas a lista da compra
—un xeito coma outro calquera de non esquecer—
tatuáreslles na caluga/agulla un petróglifo

que explique como se desmonta a realidade
pronunciándoa do revés, lentamente,
—como fixeron sempre, maxistralmente, os vencedores—
acariñáreslles a cabeleira / pelaxe
e dicir *mapamundi* sen medo á confusión,
dicir *Babel, verdade absoluta, plano euclidiano*
como imposible concepción dun corpo.

Talvez poderías entón formular unha teoría de conxuntos,
unha proposición converxente que reúna a familia
e conteña un silencio tranquilo
—*un, dous, tres, respira, foi un pesadelo, a nai inda vive*—
sen segredos que agoiren ou remexan na lama,
sen golpes que abran perigosos ocos nas paredes da casa.

Daquela poderías apertar o pescozo montaña do animal,
abranguer, comprender a evolución,
dicir estes ollos son os meus ollos,
estouvos mirando con eles,
estoume vendo neles,
non roubaredes esta paisaxe sen pisar o meu cadáver.

Poderías aprender de cor
todos os ángulos probables das couces,
o nomenclátor do carniceiro, o código penal,
o que sexa preciso para esquivares a man aberta ofrecida,
calquera intento de recuperares a cordura.

Se te recoñeces na ollada amable do animal poderías regresar.

Se o animal te recoñecese poderíate salvar,
camiñar canda ti ata o outeiro, collidos dos pezuños,
deter o tempo, amosarche a túa obra, dicirche

observa, meu fillo, toda esta devastación, todo este incendio

algún día será teu.

Carmen de Milmanda

pacífico

os meus soños son
coma o océano pacífico

disque cada ano
é un centímetro
máis pequeno

ou dous,
non se sabe ben,
depende da fonte
que tomemos de referencia

así a simple vista
parece pouco,
non se nota case nada

un centímetro é apenas
o que medra un cabelo
pechado unha semana
nun reloxo de area,
o que crece unha pena
ben regada,
o ritmo ao que encolle
unha estrela de mar
sedenta de auga

así a simple vista,
o dito,
parece pouco,
pero en millóns de anos
disque desaparecerá

os meus soños
non dispoñen
de tanto tempo

pero abaixar
abaixan

un centímetro ao ano,
ou dous,
non sei,
depende da fonte
que tomemos de referencia

é moito

os meus soños
son miudiños,
como a choiva
e a rianxeira
e os rabos das lagartas
cando os nenos
os arrancan

sempre un verso
máis cativo

Chus Pato

Desde o sur entrando pola porta sur

(falan dúas voces: unha que é a propia do poema e outra que sen deixar de selo é tamén a da protagonista. non falan entre elas, non se encontran, cadaquén fala para si ou para ninguén)

voz propia do poema

“ti querías un vaso de alabastro
o mago non te recoñeceu
pero nalgún intre
naquel no que se desatou o nó do chal que vestías
e se descubriu o esplendor dos teus cabelos
sentiu a fenda nunha das pedras da coroa

o teu nome era unha torre
os teus ollos azuis
coma as pétalas da pervinca

no sur
saíndo pola porta do sur
que é a do perdón
o escultor
representoute cunha caveira no colo
tamén din que dentro che vivían os sete demos
que teñen nome de muller”

voz da protagonista

“H.D. non imaxinista consignou na lingua herética dos husitas
que pensei a resurrección coma un traxecto
coma unha remuneración
coma un panal
M. Yourcenar na fala dos valóns, advertiu
que non fun eu quen visitou o perfumista;
seguindo o seu relato
enviei a Marta

foi ela quen lle mercou ao árabe un lume de nardo
Noutras narracións anónimas e apócrifas afirmase que
Xoán e mais eu casamos, il estaba namorado de Deus
e non puido desposarme na noite de vodas;
esa, sosteñen,
foi a razón pola que me entreguei ao centurión de Roma

Castillo Suárez no idioma de Euskal Erria conclúe
sen pensar en min
(...) *porque só os que amamos sabemos / vivir sen amor e
sempre seguirei a aquel que queira permanecer*"

voz propia do poema

"fuches quen de ver a claridade no límite
a beleza da fin
e amala

os paxaros vóanche moi preto
algúns, andoriñas, rasan a herba
á altura dos teus xeonllos

madre simia, protéxenos do paraíso
madre simia, sálvanos do patriarcado
ti que es anterior e posterior e arcaica
protéxenos do humano"

Poema do libro en curso *Sonora*, sección Salvoconduto

Emily Dickinson vendo pasar as cervas con Pero Meogo

Emily Dickinson sentou sobre o lique crustáceo
tras a escaleira do adro de pedra de Ons
para compoñer o seu herbario lírico con Pero Meogo
mentres vían pasar as cervas sobre as verdes herbas
cara ás fontes das augas indómitas como cabeleiras:
as cervas de Cerracín agarimando galgos
cun gato galgando por encima das cebras;
a cerva ninfa de Bóveda do Mera, con pombas,
perdices, faisáns e pavos reais sobre a cabeza floral
e con galos, patos e gansos sobre o seu lombo a gatas;
a fluvial cerva do Xirimbao, con lisuras de lamprea;
a cerva tombada sobre o musgo na fraga de Catasós
ouvindo tallar ao petapau escornabois xiróvagos
como muíños de auga polo souto da ribeira do río Quintela;
a cerva que serpea polos labirintos de Campo Lameiro
compartindo eternidade coa cerva mareira de Mogor;
a cerva perdida entre as exóticas árbores de Lourizán
namorando do amoroso cabalo namorado do seu amor;
a cerva feliz sentindo que cada herba viva que pisa descalza
é un verso de poesía integral botanicamente erótica
no herbario que Emily Dickinson compuxo sentada
sobre o lique crustáceo tras a escaleira do adro de pedra de Ons
vendo pasar as cervas sobre as verdes herbas con Pero Meogo.

ADN do amor e do pracer

O ADN do amor
consiste na eternidade namorada,
superadora do tempo
nun espazo corpo:
non é xenético, pero si xenesiáico.

Eu non busco pero encontro e encóntranme
e non sei cal é a escala do código químico,
pois non distingo o cromosoma dunha ollada
nin a secuencia dun orgasmo azul
no núcleo do xenoma da erótica astrofísica.

Mais ti que es tan real coma unha imaxe visionaria
consegues que o dinosauro ascenda a gata,
a gata a insecto e o insecto a aminoácido.
E eu son o diminuto aminoácido formando proteínas
cando a célula é o órgano cósmico,
o tecido é o texto e a vida é o infinito
que ten en cada átomo un protón de poesía.


Axiña comprendín que nas túas unllas
medran os lirios tigre
e que baixo os teus pés
voan bicos bolboreta
esparexendo acedo doce
desoxirribonucleico ao vivo.

A molécula do amor componse dunha cadea
de cinco elementos substancialmente vitais:
O primeiro consiste no existir
e non pode darse sen ter vida.
O segundo consiste no desexo
e non pode darse sen ti.
O terceiro consiste na entrega
e non pode darse sen ti.
O cuarto consiste na beleza
e non pode darse sen ti.
O quinto consiste no coñecemento

e non pode darse sen verdade,
porque existir, ter vida,
é sentir desexo, entregarse sen fin
a coñecer todas as mensaxes da bioquímica.

Isto é o ADN do amor:
potencialidade infinita.
Dalo e recibilo todo
sen renunciar a nada.





Genaro da Silva

Antropófago (fragmentos)

Do sorriso dos irmáns idos e os demorados. Dos fillos que non terei e dos porfillados. Dos pais que amasan o pan e dos sobriños alados.

Do meu corpo que non é sepulcro, mais artesa.

Da neve azul que a néboa atravesa.

1

Como tremor feble, perante o extenso, represento.

Non é feble o tremor, mais no que me pretendo: Nas pegadas dos arroaces no mar, nas fervenzas que combate o seteiro.

Treme a frecha na fonte, pero sempre tarde.

Por iso o meu amor era triste.

Sabías de min e da tristeza, por iso, cando apousaba en min, o teu ollar era triste. E triste sorteábame as mágoas: deforme fera que non morde e se laia, e que prefería cremar chancelas a atravesalas.

E cuxo amar era triste.

Non vin outro deserto dentro do deserto, e un exército tampouco me acudiu.

Entón, a potencia da seta é a corda tesa.

E o exército acode,

e sonvos nós.

2

beixo o teu beizo toco o teu beizo o seu beizo toco en meu beizo se toco o teu beizo no beixo en que toco o seu beizo no teu

no feito o efecto feito do tacto en teu beizo que beixo e reflecto o seu beizo
no beixo en que beixo o teu beizo e afástase un tacto no enacto en que un
beizo tactea outro beizo nun beixo que apreixa o entreacto do meu teu eu seu
toca o teu beizo o seu beizo toca e beixa unha boca que emboca vizosa e
se aboca na troca de beizos no beixo do embozo que empoza na traza de
apreixos e abrazos no transo en que un teu meu seu beixo desfoca a troca
de beixos e apreixos dun nós sen un eu

beixas meu beizo en seu beizo que beixas e embocas e tocas meu beizo
en seu beizo que beixas e deixan os beixos nos beizos os sucos dos beixos
nosos teus seus

toco o meu beizo e sinto o teu beixo en seu beizo no meu

toco o meu beixo

3

A luz que entra polas xanelas colora o azougue nos meus ollos. Estendo a
man e toco a imaxe espectral:

Sigo o meu ollo pequeno, as engurras que del manan, os dentes tortos, a
pel manchada, as guedellas branquexadas:

Se os vosos rostros estivesen aquí, habería beleza.

Caen as pálpebras

e un mansío de cisnes chirra entre os fosfenos.

E recoller o froito da moreira. E durante días arrolala e non comela. E neses
fíos tanguer melodía de néboa e azul. E ficar alí, e vivir dela.

Unha man parte o pan e prepara a vianda. Nesa rutina, en ronseis de
dignidade,

apréstase a danza.

Tamén a túa gargallada en min, mais non o canto. No meu amar triste e
mala herba. No meu amor malpocado, de quen derrubou o teito para fuxir
logo.

Se de quen estoura no canto tivese as ferramentas, non inventaría cisnes, lobos, quenllas.

Se coñecese os mecanismos de quen manancial danza, triste e feble non amaba.

Se me soubese remuíño que apaga fronteiras e ocasos.

Se exército e non camposanto.

Se un mar sen naufraxios.

Deitado na herba, a carón do río, no tempo da vendima, a sombra dos amieiros, sobre min, chispea. Un ollo aberto á penumbra; pechado o pequeno. Viro para o costado sombrío, encollo as pernas e arrinco puñadas de herba.

Foi así que aconteceu? Era así a postura? Sabías que morrías?

4

Amaran as moras nas mans, e as mans amasan o amor.

E o amor é manso.

E mora o amor nesas mans. Nas mans que amasan as moras que amaran nas mans que as amasan. E amasan as mans o amor en que o manso animal é un mar.

E o mar é manso.

E amara nas mans o animal onde o amor é un mar. E mora o animal nese mar, no mar en que amaran rumores de moras e mans que namoran na ardora, animal que arde no manso amaran.

E o amaran é manso.

E aroma o mar animal, o aroma de moras que moran en mans que amasan o pan e as moras de aroma de mar e de ardora. Ardora de mar en que namoran as moras e o animal.

E o animal é manso.

Helena Villar Janeiro

Desde outra pel

1 ROLIHLAHLA GALOPABA NA LUZ

Naciches luz esporando a galope
o cabalo do tempo no que uns tiñan a paz
e moitos as cadeas...

E que ben soubo a terra
escoller a sazón para a semente!

Á luz non se lle puido cambiar a cor da pel,
pero si o seu nome, Rolihlahla,
para dicir Nelson,
palabra máis sonora ao oído branco.
E cando a luz se ergueu en berro e guía,
devolvéronte a outro útero, Robben Island,
con vergoñento nome numerado:
466/64

Dentro da cela soñaches sen sono
que voaban as pombas non as balas,
que os paxaros nacían todos libres,
e que as leis acollían nos seus brazos
sen mirar as cores.

Dalibhunga Mandela,
escintilante luz de faro negro,
eixo de simetrías,
sol da fraternidade universal...,
E que ben soubo a terra
buscar nova sazón de coller froitos!

2 LUGAR DE EXILIO

Veste na rúa e miras arredor:
é o lugar do exilio.

A beirarrúa pola que paseaches os teus nenos
é un lugar de exilio.

O banco que termou dos teus amores e dos teus cansazos
é un lugar de exilio.

O escaparate que ofrecía os sonhos das viaxes exóticas
é un lugar de exilio.

Deixaches arrastrándote a camisa
coma unha cobra mentres te lanzaban
do piso da hipoteca, por impago.

Non tes billete. Non tes destino,
exiliada sen causa,
por non te teres erguido en rebeldía.

Nunca pensaches que o lugar do exilio
había ser a rúa onde viviches.

3 LESBOS E EL TARAJAL

Porque a fame e o medo viven cerca
—pólvora e canivela—
alguén prende unha mecha desde o cabo do mundo
e dispara os humanos contra o mar no outro extremo.

Oh! Mare Nostrum,
beiras azuis nas que a desesperada
fame negra se encarna en sorte negra,
mesmo podes mentir coa salvación
onde cantou a lira da poeta!

Oh! Mare Nostrum,
o meirande dos ventres alugados
por quen prendeu a mecha
tes en verdade partos, sepulturas
e tráxicos finais serpeantes
en orlas verticais de pinchos e coitelas,
nesa fronteira ilusa sobre a que unhas gaiotas
fan voos de liberdade e os humanos
sucumben a balazos sobre a area.

Lois Alcayde Dans

Adeuses

A xente aquí marcha. No írense erguen as mans.

Uniremos ao seu ronsel de cables e ondas o
frío, as calugas,
moitas terminais e
o feito de sermos entraña e
de sermos estación de paso:

nesta cartografía non hai espazo para cómplices, aquí cada vez hai menos
almas.

E non nos mentiron, levaron maleta ferida con todo
o fermoso deste lugar,
na súa ollada: nais, rúas, balóns, compañeiras de fila, de
baile, a ollada, a partida e o seren cristal. Querer crebar todo isto.

O medo, dalgunha maneira, a voltar.

Non houbo arcadia nin asedio vitorioso (todo iso foi
publicidade)
non houbo lugar liberado ou escapado da potencia
do picado e proído,
da nosa caída e
do terror.

Despois inventarán o relato, venderán o fermoso desta
historia.

Desaparecerás. Entón saberei o segredo dos cuartos.

Vou ter dentro familias, voces
para aniñar nós, dar lume, recoñecer fíos de bocas e herba.

Na ausencia coñezo isto que me dá noxo e non sei explicar.
Debo aniquilar todos os vencellos no país marcado para construír as
pontes.

Terei para ofrecer este éxodo repulsivo, algo máis,
este medo.

Lucía Cernadas

Extenúame este nome que me condena á entrega.

Podería afirmar que é a consciencia de como se engarza
cada vértebra
na seguinte
(o control dese mecanismo)
o que mantén a superficie do mar debaixo do meu corpo

mais sodes vós os que sostedes os meus ollos.

Daquela
son un animal mariño
acéfalo
un enorme ventre branco
disposto para os vosos fillos.

É certo porque así o credes.

Marcos de la Fuente

Tintureira do Hudson

Levitas —o propio—

Levitas
Descalza
Por riba das pedras
Quedas
Apesaradas pois agardaban a túa chegada e

Levitas
Entre as follas que inda non tocan o chan
Coma ti
Perfidia do serán que buligas
Luscofusco que fuxe a poñente

Levitas
Florece a pel na luz que a percorre
Un xardín —o propio— arrolado polo vento
Xogan as cores a xuntarse todas
Procura o ar a súa gravidade

Levitas
O seguinte paso non será lembrado
Tampouco o anterior
Tan pouco necesitas para prender o lume
lume que quenta a memoria amorriñándoa

Levitas
Onde o imaxinado colle forza e substancia
Ata mudar na realidade
Alenta un tempo novo
Un tento inda non coñecido

Agasallo —amasas—

Somos auga que pensa

auga que sente

Na sabedoría da auga que tanto percorreu
deixaremos a nosa tintura como agasallo
e o que permanece non pesa máis do que levamos

Somos auga que sente

auga que pensa

Caen as ondas no tecido que amasas
Adivíñase o futuro nas costuras
Cicatrices rampantes que portan unha mensaxe

Somos auga que pensa

Auga que sente

Upstate Meiga

Meiga doce de auga
apareces e desapareces na noitiña
iluminada e mesturada co aire que respiramos
arume do teu corpo
da túa presenza no líquido
instinto que dixitas
debuxando novos reflexos cos teus dedos nus

Meiga de auga doce
curandeira da dor allea
errante polo río
nas túas costas o bosque batendo
o milagre das cores que latexas
cadencia milenaria
limpando espellos vellos no leito

Meiga doce de auga
fervenza o ceo
que emerxe na túa figura
limpadora de almas
que tendes ó final do día
aureana e lavandeira
mentres todos dormen

son almas novas, agardando

Alecrín (Romeu)

Xa cae a tardiña
E quedan aínda
As luces preguiceiras
Que non queren voltar prá casa

Xunto coa noite
Cerradiña
Baixarán ó río as estrelas
Pra voltar axiña ó ceo

Alecrín, alecrín (Romeu)
Non me dixeras que andabas fuxida da terra
Asolagada nos teus soños

Alecrín, alecrín (Romeu)
A túa maxia é non coñecer o camiño de volta
Non esgazar os espellos do horizonte

Outubro 2020
Nova York

Artrite, depresións e outras ameazas

Preocúpame espertar
e que toda a confusión siga a agardarme,
que frustración ou baleiro,
agochados nas articulacións,
non deixen que a rixidez marche
e me atope o verme da enfermidade.

Espertar de novo coa derrota prendida na memoria
porque talvez se perdeu Roma e ardeu Troia
e chove como se viñese o dioivo.
Novembro, Santiago.

Desacógame seguir sendo sede
animal
e que rexouben ás nosas costas.
Enterrar a cabeza na folla
facer túneles entre as cebolas ou os mortos,
capas e capas de bágoas e escuridade,
a mosca que se pega á merda.
Alármame non estar aínda amestrada
ou que me amestren
e que unha a unha
nos conten cando pasamos.
Controlar a desorde ao paso.

Preocúpame espertar
e que cando o cerebro lle diga aos ollos:
—Abrídevos
o corpo ordene que se pechen
e todo menos eu
teña vontade de moverse.
Preocúpame espertar e volverme ver
volverme verme.

De Camariñas a París

Libérome pola miña man
coa miña man
á mantenta
e de Camariñas a París
imos buscando pegadas
da muller que aínda non somos
pero que se presente en cada nó do fío
en cada xiro do bolillo
en cada agulla que coseu,
con tradición e silencio,
os encaixes á pel
aquel vestido.

De Camariñas a París
persequimos a femia arrebatada
e esa nena a monte que sempre fomos
volve ser man teimuda
a trazar siluetas de corpos,
pantasma que existiron pero non existen
na memoria da desesperanza.
Outras veces pinta con xiz de cores
as lousas amarelas das vellas historias
xogando a demorar o camiño.
Nenas e nenos confusos
confundíndose
adultos que se (a)funden.

E aínda non sei se Oz
na realidade
non existe.

De París a Camariñas nun intre
e de súpeto un proído
devólvenos a un rosa de imposible lazos,
vaporosas teas, desbordados encaixes
e a inocencia desmentida polo lique capilar.

Pública e púdica,
totalmente privada,
toxo que non se apreixa
Venus que ha de emerxer
a pesar de cunchas e protocolos
para pesar de mitos masculinos e quimeras.
Os medios son o medio.

De Camariñas a París
o traxecto ás veces desaparece
e vólvese invisible baixo o corpo
aí, nesa fronteira chamada orgasmo
onde os tempos conxúganse
as distancias comprímense
e quizais
liberámonos.

Mater nihilismo I

Mirouna entristecido, severo,
coma alguén que se sabe portador
de malas novas dun ser querido
e dixo con certa compaixón
—Iso que contas é maltrato.

Mater nihilismo II

Houbo nais que empregaron o cordón umbilical
como a peor das cadeas
pero os días abren contra todo prognóstico
e sabernos na luz,
nun panteísmo extremo que xamais entenderán,
sálvanos de calquera escuridade.

Mater nihilismo III

Sen sabelo liberácheste polo útero
para caer noutra cela
e choraches tanto
que provocaches outro dioivo,
outro cambio climático,
un novo día do xuízo...
e ficamos coma ao principio, núas,
nunha tristeza existencial
que sempre estivo nos libros
e masturbámonos de unha en unha,
coma nunha gran arca baleira,
aspirando a ser só unha forma transicional
que desterrase as elas e os elos perdidos.

Mater nihilismo IV

Tiñan fillos coma xeranios
para encher ou completar a casa
as fotos.
Despois, deixábanos medrar así,
entre as malas herbas,
en intemperies estratéxicas da casa
chamadas cuartos.
Non só como premio ou trofeo,
tiñan fillos como un dereito natural
o único que podían ter...
e ían medrando así,
en macetas chamadas vidas
cunha liberade acoutada
sempre presos pola raíz
sen sacar os pés do testro
pero no medio aéreo das follas
estaban perspectiva e ollada
as palabras para deixar de ser planta.

(Recorte social) Crecemento persoal

Non me quitaron nada.
A vida que me prometeron
era unha morte inminente
un soño xordo,
en branco e negro,
dalgún inverno atlántico.

Todo o demais é loitar,
berro a berro
por algo de voz ou diálogo nas ficcións
abrir as veas, as entrañas,
agardar as miñas regras ou os castigos,
para engadir algo de cor ás historias.

Non nos quitaron nada
porque ascendemos, noite tras noite,
ao coñecemento do ceo
e aínda sabemos como sucarnos
en busca da estima e o aprecio
que nos negan as persoas e os obxectos.

O noso corpo é autosuficiente
e a felicidade ou a loucura
unha autarquía sen condicións.

Nada nos quitaron.
As promesas dos pais,
os augurios das escolas,
poden non ser máis que a trama
dun conto que nunca existiu
o cronotopo da xordeira máis teimuda
porque non nos quitaron nada
só soños e promesas
e detrás diso ás veces hai
demasiada literatura.

Miguel Cavadas

réquiem

perdiches a vergonza ao gañar o instinto
perdiches a verdade ao gañar a experiencia
perdiches o pracer ao gañar o orgasmo

perdiches aquelas lembranzas que tanto doían
que remexían na ferida como linguas gafeñas

aquela fotografía da praia en branco e negro
a veciña que vendía corazóns de vime a carón da fonte
o salouco dunha nena portuguesa
a conta das noites que pasamos sen vernos

ameite na década equivocada
todos os días da miña vida

ao volver toparte neste tempo
esquecín a pronuncia do teu nome
reconstruínte da indecencia e o rebo
purgueite de calquera indicio de século vinte e un

só restou a derradeira elección

facerme sucio

Nieves Neira Roca

Tempera magra

*señora de la flauta y del relámpago,
terrazza del jazmín, sal en la herida,
ramo de rosas para el fusilado,
nieve en agosto, luna del patíbulo,
escritura del mar sobre el basalto,
escritura del viento en el desierto,
testamento de sol, granada, espiga,*

OCTAVIO PAZ, *Piedra de sol*

De ser fóra, veño. De ser en ti. Dada a volta na pel do río. Luces, máis cerca as da cidade, máis lonxe as das casas e algún barco. Casas, barcos, corpo afortunado das augas onde as imaxes non se deteñen.

De ser cerca, froito. Velo caer sen seguir o tempo que precisou o peso. Froito que dificilmente elixe a memoria, sempre atada a unha mesa, unha praza, unha boca. Pel sobreposta dos poros dunha laranxa, dun mar, dunha medida.

E se por un intre puidésemos recoller este órgano que sempre é dos outros, oír a gravidade corpo adentro? Agardar coa man aberta o caer da súa sombra, pertencer a ese intre que non sexa arrancar, que non sexa arrigar, onde quererías lanzarte?

...

O lugar aparece cando de aí volves, a pel das dunas cuberta de cebolas de mar, *Helichrysum stoechas* correndo no vento coma madeira seca, o mar finísimo. Todo ao alcance. Nos xiros da danza das festas do vrao, nos inventos das nenas de facer unha illa cunha táboa. A sombra das burbullas e sobre elas un ritmo certo. O valumbo do alcipreste ategado de pardais. Estar viva para sentir o aire. Anoada. Alucinada. Abandonada.

...

Abandonada e atopada na respiración. O arrecendo é a casa primeira, o querer falar das cousas que as detén no seu silencio, no ángulo do astro que brilla e semella máis próximo cando o perfume fainos sen lugar. Cose, dá puntadas, é cando te baleiras entre os dous lados da cidade e as antenas crecen contra a altura que semellas ter o que só é perdéndose.

O que só é perdéndose. Nervios das follas, luces das farolas no *Mar Largo* da calzada, paxaros da mañá recién lavada, bucle do planeta que arde na luz e salta.

Canta memoria pode resistir un corpo, un astro? Canta auga desta fonte poderás beber ata mañá?

...

Cando a hora da noite resalta a brancura, o papel, as paredes, os liques sobre a lousa, o horizonte coma un laz que escurece, o azul último, eléctrico sobre da prata. Que hai no corazón? Onde os dedos finísimos que abren o magnolio? A curva da pétala esaxerada e branca, a neve de agosto? Onde estás ti? Puiden dicir o teu nome? Que salto é este que para darse precisa estar quieta? Poden amar aínda estas mans que non souberon soste o froito que caía xusto nelas coma o astro cae esta noite sobre o sol? Especie que crece contra o seu propio abandono, que unha vez e outra nega a auga por enredarse na sede.

...

Das noites nas que nos alongamos á nudez, das que abrimos unha palabra, das que nos ollamos coma recién chegados, detidas no punto da frecha que lanzamos co noso corpo tensado, todo o que está onde se promete, prados reunidos, milleiros de insectos, ucedo aberto nas mans da tarde. *Luz que flúe, froito da nada*, disposición da danza para peinar o centeo, eco do planeta no xardín de mirto, non ter na noite do corpo xesto marcado, entre tantas mans que presionan a man de naide, dicindo *ven*, escaleira voraz ou partitura libre, quen sabe, de momento *só ven, ven, ven, ven*.

...

A túa flor. Non hai destino no teu achegarte a ela só hai inclinación. Non é a pedra que cae na auga é o espazo liso da súa quietude. Apenas para o que xa

case non temos corpo, para o que temos só ese xesto, achegarse, sabugueiro, vexetación dunar, areas molladas da humidade da noite, aínda noite en area na luz que se levanta, é moverse ese freo que vén coma un amante, é veloz a fenda que te detén no corpo que se abre en arrecendo, membrana do aire, danza, si, danza, agora que de lonxe ves o teu corpo presionado e tes a forma do lugar onde te perdes.

...

Noite, man do frío, traxectorias dos cirrios, liques acesos coma nubes brancas, manchas. Volverás perder este fío mil veces e volverás recuperalo. Volverán perdelo cando non existas e volverán recuperalo, nel estamos libres e atadas, si, pinga disparada un pouco máis da fonte, alegría da auga.

Isto que falamos é coma unha lingua, lingua que curva o seu corpo en cada voz, canto rodado do que ninguén decide o golpe, faise, faise, e nin é posible medir as terminacións pulidas coma se da costa se tratase, como se cada area, cada brillo da mica enredase o ar de tal maneira. Lingua onde digo a neve. Lingua que nos levou ao amor. Lingua curvada, tamén ponte que cruzar por baixo, *augazul*.

Xuño de 2020,
nos círculos da muralla de Lugo
mentres Venus extremaba
unha das pétalas da flor
que debuxa no ceo
en conxunción solar

Nuria Erre Pe

En Celidonia non venden medias

Eu son a caseta onde celebra a súa festa a Loucura.
Son un plural mutilado na escuridade
agardando tras as portas desta casa
a fusión das diferentes versións de min mesma.

A veces, póño-me de xeonllos,
co oído na terra e escoito
o baile do sacho
despeiteando o angazo
e a puñalada da paleta baixo terra.
A bichería presume entre as gabias
co ventre espido
mofándose
das que facemos
castelos de terróns en abril

O fondo da lagoa nunca toca o fondo.
Acubilla nel océanos de tempo
succionados no nome do Tacto.
A profundidade elévase
sedenta baixo o sol
coma un novo horizonte
unha epiderme pencosa
da que sairemos
saltando charcas.

O cerebro humano
está preparado para responder a perigos inminentes
como esquivar unha pomba.
Pola contra, a nosa alarma non se acende
ante perigos
Lentos Doces Graduais
e aínda por riba,
se están amparados pola *trendingtopía*,
como é o caso do poliamor.
Este barbeito emocional,
fertilizado pola sociedade líquida
impide os cambios de estado do amor
evitando a evaporación e solidificación do mesmo.
Porén, este xénero que defende
a ecuación clitofálica irresistible dos sapiens
establece un perímetro limitado por un pastor eléctrico
que lonxe de rebentar mananciais,
ofrece pequenas sacudidas baixo a tormenta.
Amar, poliamar, polifidelizar, policonquistar, policastrar...
en torno a unha figura de referencia
é antro(poli)céntrico
aínda que sexa a túa parella,
esa que queres a prazo fixo
(case como a ti mesma)
pero aínda así, buscas a ortiga dos intereses en lúa chea.
O amor é un estado Capital
ou
capital do Estado?

Cenobitas do amor
iso de que un cravo saca outro cravo
había que contarllo a Pinhead.
Preside O banquete
nun simposio ultravioleta
no que hai de todo
agás tempos mortos de risa.
É o típico demiúrigo
que lle saca punta a todo





Paulino Peña

*A alegría de escribir.
A posibilidade de eternizar.
A vinganza dunha mao mortal.*

WISLAWA SZYMBORSKA

*e da seiva da rosa e do meu sangue
construo perenidade em vida breve.*

JOSÉ SARAMAGO

acharse no centro da
obstinada asperidade do silencio
que nos morde a voz
e proferir opiáceos bramidos
manterse de lingua e estames
empuñar a rosa que nace
no cloroplasto de abril
arteria en flor
aberta en carne viva
na ourela entre gretas
onde despunta a beladona
coa súa punxente alxaba
e as opulentas miserias inhumanas
habitar un código de imaxes
nutrirse de ramos
ou rumor de árbore
en tumulto de asas
singrar
palabra ou navío
entre os farallóns da derrota
e a dor dos cantís
abrigar o raio
nas varandas da alba
apreixar nos labios
do pasmo as plumas do día
que sostén un pintasilgo
na luz do seu pico
abraiarse

coa ávida brasa da noite
que condensa o resío
espreguizar de corolas
entre as maos do abraio
deflagración de pétalos
sílabas a sílabas
que sobe as altas
copas do soño
cando os galos resgan
o negro calafrío
do tupido dengue
dos seos da noite
e é nos silentes dedos
onde grita o peito
e pulan por asir
afago de luz ou ave
as palabras
ese rito de adentar eternidade
a cada instante fugaz
na lingual papila
dun deus profano

Rafa Lobelle

Chaguazoso

para Cecilia e Lokis

Cristeta

Hai que rubir pola Portela da Veiga
ata o bico mesmo das Barxelas e arremedar
antes moitas veces o cañoto das uces
para atoparte
e así verte recoller na volta do mandil os coios
todos do Lombo da Garamela
como quen mete no forno un bolo de pan
para logo deixalos un a un nas extremas ata que envellecen
en bolos graníticos e forman unha paisaxe

así a forma vén da fractura

No lugar da ausencia quedou unha montaña na distancia
ese glaciar morreu e agora existe no frío tras o desxeo
muller branca, liño no pelo
seica un día a iso das tres polo sol volvías do monte con fame
que xa viñas roendo un codelo reseso e tan
gorecida entre as cornas das vacas que máis tiran e van diante
porque saben o que vai vir
que *endilgaches* o lobishome vindo
da Edrada polo camiño vello da Queixa para riba
e parácheite fita ao pé del para dicirlle
e logo que traes?

Así a pedra que roda se fai carne
e iso é o que apañas do chan, anacos de carne
alimento
cociña sempre aberta
un *Prato dos Tres Señores*
cómese do que hai, agárdase que alguén veña
por iso o rito místico, pulcro e antigo
de prepararse sempre para agardar
como cada cousa ten o seu lugar e nada sobra

nun rito cerimonioso de envolver
o mantel de cadros en catro pregos exactos
que podería consagrar un altar ignoto monte arriba,
agora que entra unha luz gótica dende o fondal
onde algo queda fóra da vista ao mesmo tempo que se descobre
e para que asexan as donicelas se só hai tres pitas que pouco poñen
vostedes saben o acougo que dá meter outra acha no lume?
o que arde constrúe un silencio, algo preciso
onde? *a auga de alicornio* que sabe a xarxa
non está, non é posible
unha casa que se volve grande de súpeto
cun baleiro que está habitado e fai preguntas
bótase moito en falta, saben?
iso que se deixa atrás como tódalas cousas importantes
mesmamente un fogar
aínda queda algo por vir e que chegará polas escaleiras
sen ruído

Leovixildo

Dormir dentro dun cadaleito aberto no medio do fogar derruído. Vivir na desfeita. Honrar a desfeita como unha celebración.

Chove por ti ao xeito dos ciclopes. A ceo aberto como aqueles forasteiros que tardaron dúas semanas en gañar a confianza do lugar ata que se atreveron a cruzar o valado.

Existes dun xeito antropolóxico e así contas a túa historia. En primeira do plural como os pobos que soamente cantan.

Esta montaña constrúchela ti. Pode que só dese xeito sexa posible concibir a erosión que a destrúe. Incluso o saqueo como unha forma máis de violación. Un xeito de odiar ou esquecer.

Tes seis ovellas mal coidadas para cando naza a sétima descansar. Todas envoltas en *zaramendros* que non entenden a forza das ruínas que habitan. Pacen a herba triga dos arredores sen pisar nunca o outonizo dos Lameiros. Así o comunal se constrúe en oposición ó privado que sustenta, como unha estratexia de vínculos para evitar a fame.

Só existe unha fotografía túa e por riba non saes nela. Non te coñezo. Como será posible entenderte? Un nome visigodo para anotar nun caderno con cubertas de entrelazado mudéxar. Que buscaba a túa estirpe danubiana cando rematou aquí?

Este Alto que te honra ten a forma dunha torre. Non morrerás. Non podes.

Das Kapital

I

Onde a mañá, lenta e ruidosa,
esculpe a tenra violencia do día que nace,
entregámonos humana e clandestinamente
ás rúas abertas e ás horas que virán.

Os nosos pasos atravesan cada soidade
e cada rostro indiferente,
e somos nós, con esa dureza mineral,
os que enterramos as nosas propias olladas
viradas contra o chan silencioso.

Todo semella unha danza absurda,
enfiañada nas mil e unha historias que arden en nós,
mentres o mundo vira e vira
coa súa espida razón de almanaques e lúas.

E contra toda esperanza,
exhalamos palabras nos camiños
e escarvamos na quietude do horizonte
coas mans furtivas e frías,

coma se a vida non nos desposuíse
de cada paisaxe, de cada alento.

II

Despoxadas da linguaxe e o corpo,
socavadas na memoria e as noites,
baleiras do desexo e as ás,

feitas alquimia
na sede mollada deste tempo,

asumimos a feliz rebeldía
de cuspirmos a amarga mazá
e navegarmos.

Navegarmos
contra o silencio gris
que nos sacode impunemente,
contra os espazos rotos e as feridas,
contra as fiestras baleiras e o medo.

Recoñecérmonos feroces e amantes,
desafiadoras de negras sombras,
ennobelando a vida avidamente,
como matriarcas que tecen un novo horizonte.

Orgullosas e clandestinas,
militando na tenrura e na rabia,
e sendo as raíces futuras
que abren a terra unha vez máis.

III

No corazón escuro da noite

os tellados das casas
esváense tras a chuvia que volve invisíbel.

Un frío de inverno

esvara por entre os dedos das mans,
anunciando a decrúa deste tempo
de barbarie e abrazos perdidos.

Os días sucédense, adheridos á cinza,
alimentándose da nosa fame pálida
e dos nosos ollos abatidos,
mentres se perden tras o mar das nosas soidades.

Desafiuzados do futuro,
como argonautas dun exilio
que comeza nos nosos pasos errantes,
aínda somos quen de compartir
o pan que nos é negado.

E compartirmos as cicatrices todas,
e compartirmos a luz da primavera
e a sede partisana que nos esgaza
estraña e caladamente.

Regina Touceda

o amor está nas mans, nesa caligrafía inmensa partida en anacos
observei durante horas aquel tempo sostido nun lapis. nunca apartaches a
vista do papel

ese día non odiei o verán, dinme a última oportunidade

apoiei a miña cabeza sobre a pedra fría. fuxín do sol

o amor está nas mans

tamén o odio

a coincidencia é unha lapa ardente
disposta a apagarse nun balde de auga
ou a facerse cicatriz eterna nas nosas mans

Ana Cabaleiro

A espera

Séntome aquí e míroa. Ela a min non. Ela mira cara abaixo, unha señora ben, guapa e recatada, cos ollos pudorosamente entornados e a mirada enfocada cara a un punto exterior. Unha señora elegante e decorosa axexando por un oco dunha cortina, perfectamente conxelada en cores ocres e pouco rechamantes nunha tea de 1945. *'A espera*. Xulia Minguillón. Óleo sobre tea. 86 x 66 cm' di a pequena cartela que acompaña o cadro.

O que tal saberei eu de esperas, das de todas as castes. Téñoas pasado plácidas e ilusionantes, que máis que esperas son intervalos doces, e desoladas e descorazonadoras, das que nunca agoiran nada bo, e tamén revoltas e tumultuosas, desas que se pasan termendo dun niño de cobras no estómago e que rebentan os canos e as amarras.

“Hai que esperar” din os médicos, mais non din o que. Que é o que hai que esperar? Un milagre? Que faga efecto o tratamento? Un traxecto polo Purgatorio? Ou será que cando din “hai que esperar” queren dicir “hai que rezar”?

Esta espera, esta na que agora estou metida non é miña, non me corresponde, mais tamén termo dela. Saio da clínica e veño aquí. Séntome diante desta señora de mediados do século pasado un anaquiño antes de volver á casa e entrar de novo na miña vida. Mentres estou aquí é como se estivese fóra dela. Séntome e pregúntolle á señora elegante “pero que andarás ti a axexar aí detrás desa cortina, miña filla?”. É un diálogo moito máis distendido que o da clínica. Alí séntome ao lado da padiola de Helen e cóllolle a man, por riba do tacto da luva, e míroa tan quieta, cos tubos todos saíndolle da boca e do nariz, as máquinas pitando intermitentemente na cabeceira, e nos dez minutos que me deixan estar con ela dígolle tres ou catro veces “aguanta filliña, aguanta, que pronto has estar cos teus”. A Helen fálolle en voz alta, por se me oe, á señora elegante do cadro fálolle por dentro.

Pregúntome que esperará, como se realmente unha muller aprisionada nun marco de madeira e colgada nunha parede dunha sala de exposicións tivese preocupacións que sacar adiante. Levo vindo tres días. Séntome aquí con ela e fágolle unha vida. Terá uns trinta anos e leva a discreción das pusi-lánimes enriba do corpo, vestida con roupas amarronadas, tan só un leve toque de carmín nos beizos, o cabelo negro solto e ben peiteado. Apóiase nunha parede case da mesma cor apagada que a súa vestimenta e agarra un anaco da cortina para facer oco polo que axexar. Axexa e espera.

Gustaríame que a cara de Helen transmitise o mesmo sosego que a da señora do cadro. Mais Helen, inmóbil no seu coma inducido, é o territorio dunha loita que vai librando, xornada tras xornada, a cara de can e co coitelo entre os dentes. Cada novo abrete marca unha nova vitoria. Mais eu non podo evitar escoitalos. Nos dez minutos que me deixan collerlle a man a Helen, escoito o estrondo que fan os cascos dos cabalos do batallón que a ha derrotar. Esta tarde comunicáronme que os do seguro xa contactaron coa súa familia aló no seu país. Están de camiño. Eu espero. A señora apoucada do cadro espera. Helen pelexa.

O día do accidente chamáronme da clínica, o meu número como contacto de emerxencia, o primeiro que tivo en canto chegou ao país. Tan só levaba tres meses aquí. Alugueille o cuarto do fondo, o máis grande e o máis solleiro. É moi calada e aínda non soubemos se é así o seu natural ou se sinxelamente ten demasiados problemas co idioma. Pregúntome se alguén a extrañará nestes tres días de inferno, algunha compañeira da facultade, algún amorío que ve como non lle contesta as mensaxes, a súa profesora da tese, se entenderá algo do que lle falo estes días, se terá saudades da voz de súa nai, se lle dará tempo de volvela escoitar, se terá frío por dentro ao saberse aquí tan soa e tan desamparada.

Veño sentarme aquí diante deste cadro buscando paz. Permítome soñar cun mundo de esperas amables e domésticas, sen traxedias no horizonte. Gústame esta rutina de pasar aquí un anaquiño antes de volver á casa e dar o parte da visita. “Igual, está igual”. Mentres miro a figura do cadro que espera—supoño que espera un home, que vai esperar unha burguesa de mediados do século pasado? Un marido, un pretendente, un pai, un profesor, un cura—permítome o luxo de entreterme imaxinándolle avatares e vicisitudes ás visitas que, por máis de setenta e cinco anos, leva esperando esta señora guapa e recatada agarrada a un anaco de cortina. Hoxe nada me gustaría máis que pasar a noite con ela, na tranquilidade desta sala, finxindo que o teléfono non soou tres veces xa, que non vin o número da clínica de cada vez, que non sei o que me van comunicar porque son o único contacto que teñen na ficha e non saben a quen chamar. Gustaríame seguir finxindo que non me dei conta de que xa hai un bo anaco que deixei de escoitar o estrondo dos cascos dos cabalos.

Hugo Lozano Hermida

En prol dunha literatura aquotada

A efervescencia das redes sociais e da mensaxería instantánea trouxo consigo a construción dun avatar, entendido como máscara *Wildiana* de complexas dimensións, que ás veces redefine ao ser humano máis aló das limitacións do seu corpo, contemplando este como mero *hardware* da mente. O avatar, entendido como todo aquilo que utilizamos para autodefinirnos na rede, para limitar o que nos é propio e separalo do que nos é alleo, convértese no corpo virtual que substitúe ao xa obsoleto esqueleto cuberto de carne, o corpo físico ou convencional. O “perfil”, o rostro do noso avatar, aquilo que levamos descuberto para que o vexan os demais, trae consigo a posibilidade de superación de calquera limitación, imposta pola realidade á nosa mente, na construción do eu. Coa proporción adecuada de coñecemento, estilo, engano e distracción, o actor que sostén esa máscara creada expresamente para este novo teatro social, vólvese indistinguible do seu personaxe, ata o punto de quedar transformado por completo nel e superar a súa personalidade anterior, xestada e condicionada na realidade do mundo físico. Unha muller nacida home pode ser simplemente muller, sen adxectivos nin etiquetas que limiten quen é, sen palabras que lle lembren a súa desafortunada condición inicial. O tímido pode atopar o valor e o tempo que necesita para expresarse no abeiro da súa pantalla. Do mesmo xeito, tamén pode o adulto disfrazarse de neno para conseguir a intimidade precisa para roubar a infancia. Pode atopar compañía, apoio e sentido vital o dogmático extremista e o covarde pode aproveitar a oportunidade que lle brinda o anonimato para desenvolver todo o seu potencial maléfico.

A superación do espazo e do tempo na comunicación libera ao emisor da necesidade de receptor e ao receptor do interese polo emisor cando non é el mesmo, pero quen máis sofre é claramente a mensaxe, que non consegue aboiar entre as demais nin chamar a atención no saturado mercado da interacción. Por iso a mensaxe tende a simplificarse, extremarse ou envolverse en rechamantes encaixes universalizadores, tecidos de populismo e demagogia; pero sobre todo tende a reducir o seu tamaño e a súa complexidade para resultar máis dixerible e, polo tanto, máis apetecible á gula que sobrevén á fartura. A imaxe, como gran sintetizadora de información, volveuse tan predominante que ata a mensaxe se constrúe de forma pictórica, mesturando a redución atómica da emoción que son as emoticonas coa mecánica da #etiqueta, auténtica exexeta do sentido da mensaxe, que non necesita axuste sintáctico ou construción literaria, e que permite apelar a categorías conceptuais no receptor sen dirixirse

directamente a el. Achégase deste xeito, a nosa nova gnoseoloxía, á forma de organizar os datos nunha táboa de campos e rexistros, illando, clasificando e relacionando cada dato cos demais, tal e como faría unha computadora.

Unha manifestación subordinada desta nova realidade comunicativa é a *quotación*. Pido clemencia ao lector polo neoloxismo, que ten a súa explicación na necesidade de diferenciar esta práctica da cita, a referencia académica ou a paráfrase. Aínda que a primeira vista poidan parecerse, citar e *quotear* non son equivalentes. A cita é a selección deliberada dun fragmento escrito por outro para ilustrar un pensamento propio que, ou ben se comparte co autor orixinal da frase, ou ben se pode deducir da oración fóra do seu contexto. Mesmo ás veces é precisamente desposuíla dese contexto o que permite a quen cita sustentar a súa posición, pois no contexto orixinal a frase extractada apoiaba unha postura distinta, quizais incluso oposta, a aquela que se pretende ilustrar. A expansión do discurso relacionando o seu contido con outros textos e outros autores dá sentido á referencia académica como unha forma de ir máis aló do texto afondando nas súas distintas temáticas ou de apoiar o argumento propio na autoridade doutros académicos e na rigorosidade dos seus traballos. A paráfrase é simplemente a cita dos apresurados, os vagos e os que non teñen memoria fotográfica. A *quotación* non responde a ningunha destas realidades propias doutros espazos comunicativos, senón que obedece a unha demanda formal distinta por parte do comunicador que participa dun mundo máis aló da realidade non binaria. No contexto comunicativo antes descrito, a construción do perfil, a proxección subxectiva da persoa que desexamos que os demais pensen que somos, esixe glosar o noso proxecto con frases alleas que consideremos adecuadas para transmitir aquilo que se quere crer que se é. A elección destas frases é a miúdo totalmente independente do contexto orixinal ou a intencionalidade do autor, chegando mesmo a suprimirse a autoría por considerala superflua. É así como atopamos frases soltas e versos illados de poemas que non sempre se poden entender contando só co fragmento extractado. Cando se pretende resaltar a orixinalidade ou identificación íntima do propietario do perfil coa frase en cuestión, colócase nun lugar destacado, en ocasións mesmo no espazo do nome. Por suposto unha vez que a moda impuxo o seu uso, xeneralízanse convertidas en etiquetas pola maxia de díese.

Xa que existe esa demanda de frases sen un sentido completo que poidan utilizarse para suxerir e evocar, parece lóxico que a literatura provexa dunha oferta acorde. Aí é onde adquire o seu sentido a *literatura aquotada*: a xeración de máximas, frases ou poemas dun verso que poidan ser utilizados na construción de perfís directamente, sen necesidade de ler ou extractar aos clásicos. Deste xeito conséguese a dose xusta de misterio, comicidade ou evocación, a miúdo baleira, que tanto vai satisfacer ao *usuario*, que xa non lector, e simultaneamente lógrase que deixe de sobar os libros vellos, repletos do esforzo necesario para

dar contexto e profundidade a todas esas frases mal extractadas. Desta maneira os clásicos quedan a salvo da voracidade propia desta época, ao coidado dos nostáxicos desfasados que aínda os apreciamos na súa integridade. Aqueles que, por mor da nosa formación como filólogos e a nosa valía intelectual, fomos elixidos como custodios seus.

Sirva a trintena de exemplos que segue para ilustrar o concepto de *literatura aquotada* e tamén para incentivar ao lector a producir a súa propia colleita:

I: Se ao cheirar un libro non saboreas soños, esquéceo.

II: Se só viches un sol, non soubeches mirar.

III: Cando sopra o vento, sinto o mundo rumorear pedindo silencio.

IV: Tantas flores necesites, como espellos teñas.

V: As bágoas do mundo debuxan ríos.

VI: No cumio da montaña, son un xigante rodeado de insectos.

VII: Os problemas aliméntanse de soño.

VIII: Premerei o firmamento ata convertelo nunha liña de luz.

IX: Un bo reloxo pensa sen présa.

X: Cada ollo ten un reflexo que nunca ve.

XI: Se a arte tivese veas, estarían cheas de café.

XII: A vida ten forma de mandarina: aceda, doce e previamente partida en anacos.

XIII: Cada día hai nenos que liberan globos cheos de intelecto.

XIV: Non existe persoa insoportable para o seu leito.

XV: As uvas, ás veces, podrecen en viño.

XVI: Non vivo no meu planeta, senón dentro del.

XVII: Que comentarán os pés cando critican á cabeza?

XVIII: O aburrimiento é preguiza de pensar.

XIX: Voar é a única maxia que merece a pena.

XX: As voces na túa cabeza son conversacións alleas, é de mala educación escoitar.

XXI: Ás veces son as túas propias pestanas as que cobren os ollos dos demais.

XXII: Se sopras, sopra sempre con forza.

XXIII: O tempo é gris.

XXIV: A noite é o único inimigo que merece a pena derrotar.

XXV: Se miras desde o ceo, o mundo non ten fronteiras.

XXVI: Foxen os anos polos buracos nas redes do tempo.

XXVII: Retíranse os pallasos cando os seus sacos están cheos de risas.

XXVIII: Dar de comer a un gato non o fai teu, faite seu.

XXIX: Pisar con forza ás veces estraga os tacóns.

XXX: No meu interior hai un guerreiro descansando.
XXXI: As bágoas da miña alma bañan as areas do meu sorriso.
XXXII: Os demais non son coma min nin eu son coma os demais.
XXXIII: Ás veces as follas non deixan ver a árbore.

Iria Collazo López

Os mortos que ameí

I

—Onte á noite veume ver túa avoa.

Notei que a ilusión lle bailaba nos ollos coma un cabalo do monte.

O avó comezara a recibir aquelas visitas había algún tempo. Ao principio foran breves igual que as primeiras folerpas de neve. A súa frecuencia aumentou cando os mortos foron tomando confianza.

Deixara o asunto para o final, tras liquidar o tema do tráfico aéreo, a subida do butano, a dureza da carne, a coxeira da cadela e os berros nocturnos do animal que mataba as galiñas dos veciños.

—Só me dixo unha cousa.

—Quen? —Preguntei.

—Túa avoa, muller.

A casa do avó era unha homenaxe á eternidade. Alí sempre era domingo pola tarde. O vello e mais eu sentabamos arredor da mesa coma emigrados en países distantes.

—Pero onde a viches?

—Normalmente sentan aos pés da cama.

Na cociña de ferro crepitaba a madeira ao arder; a luz amarela da lámpada proxectaba a sombra da xerra de viño sobre o hule; un sombreiro repousaba extenuado no colgadoiro da entrada.

—E que foi o que che dixo?

—Fíxome o acordante de que para a semana hai que pagar a morte.

II

Miña avoa chamábase Vita e levaba anos morrendo.

Ao longo da súa vida posuíu varios rostros. O último non fun quen de o recoñecer. Nel non se intuía ningún indicio de rebelión, nin sequera o máis agochado sinal de remordemento. Morría coa sinxeleza de quen vivira sementando, e o seu riso salvaxe convertérase nos últimos tempos nun aire de tranquila aceptación. Miña avoa morreu porque se esqueceu de vivir. Supoño que, realmente, iso é o que fan todos os que morren.

Comezou a visitar o meu avó o 21 de decembro, tres días despois do seu enterro.

III

A enfermidade é unha toma de conciencia: a auga turra por nós desde o interior; o líquido inúndanos. O zume regresa.

IV

Durante algún tempo o meu avó traballou como asasino a soldo. Ás veces solicitaban os seus servizos por teléfono, pero era máis frecuente que viñesen falar con el á casa. No intercambio non se esixían sinaturas; os contratos asentábanse coa pel e coa palabra. A fama de meu avó precedíao no Illó, na Revolta e na Esquiza, chegaba ata Piñeiro e incluso había quen o procuraba desde O Casal. Sabían que se a morte se lle encargaba a el, o traballo sería rápido e limpo, se se pode considerar limpa unha morte por encargo.

Tiven un avó mercenario de porcos e unha avoa que os destripaba sen o máis mínimo remordemento de conciencia.

V

Cando algún veciño morría, a avoa prohibíanos cantar. Ela sabía moito de segredos, por iso lle faciamos caso. Coñecía o terreo que sementan as palabras despois de pronuncialas. Sabía modular o volume co que se debe falar da dor ou da ausencia. Escribía o seu nome con caligrafía de ourive, pero ignoraba os xiros da terra ao redor de si mesma.

Na casa da miña avoa as mostras de cariño sempre foran motivo de vergoña. O amor era un accesorio case pornográfico. As caricias eran unha perda de tempo; os abrazos unha hipérbole; as preguntas sobre o estado de ánimo levábannos a abismos violentos.

Na casa onde sempre era domingo pola tarde a amabilidade era unha forma de violencia.

Na miña familia eramos censores da cursilería. Converterámonos en porcelana. Non nos podiamos tocar, por se rompíamos.

VI

Distinguíamos os días de aniversario do resto dos días pola cantidade de comida sobre a mesa. No nadal non había máis adornos que os bonsais de coliflor rodeando o bacallau na bandexa e un espumillón abandonado colgando diante da pantalla do televisor. O día de San Breixo a mesa combaba polo peso do alimento. O motivo real da reunión era silenciado. Se alguén nos vise desde o outro lado das ventás podería pensar que na nosa familia comer xuntos era unha condena.

A única celebración que acadaba o rango de ocasión especial era a do enterro.

O canto das aves ventaba a traxedia. A presenza dun paxaro sobre a cornixa da cociña era motivo de inquietude. Abríanse as ventás para espantar a morte a berros.

VII

Un ano meu tío acribillou a balinazos un merlo. O paxaro tivera a mala idea de peteiral co bico o cristal embazado do cuarto do bisavó moribundo. Tralo asasinato, meu tío debatíase entre o orgullo e a vergoña observando o corpo negro do animal deitado no chan do patio mentres as mans, xa frouxas, sostiñan a escopeta coma unha tardía ofrenda de paz. O merlo tardou poucos segundos en morrer. A agonía do vello foi bastante máis longa.

VIII

Para celebrar a morte cumpría silencio. Desenchufábanse radios e televisor. A avoa maldicía o rumor da campana extractora. Os boureos dos cans calmábanse a vareazos. Os golpes impartíanse desde a máis absoluta mudez. Os animais recuaban e agochábanse no burato máis profundo debaixo da cabana. A morte tiña a culpa. Estaba nos ollos do Bobby, no aire suspenso da casa, nas distancias insalvables entre os corpos. O alimento tamén desaparecía ou volvíase frugal e inconsistente. Non podíamos alimentarnos mentres ao veciño lle tapaban todos os orificios do corpo para evitar que o zume seguise o seu curso natural. El criando malvas e nós a encher o bandullo.

Avergoñabámonos. Era a culpa dos superviventes.

Nerea Pallares

Á nosa maneira, medramos

Un laranxa amargo que morre lento coma o Aperol Spritz que xa ninguén bebe. Falo dende unha illa no medio desta festa. Vai calor, é verán en Berlín e soa *techno*, pero o lugar dende o que sae esta voz é xordo, ninguén escoita — *Pregúntome a que lle tiña medo*. Hai varias horas que o sol mudou nun espectro violeta, que abandonamos o parque, que desapareceron os burros con roupa de segunda e si, teño a sensación de que tamén pasou moito tempo dende que Lukas explicou que debía moderar as cantidades de alcol para non sangrar tanto mañá, cando vai tatuar a panorámica que viu dende a fiestra do hotel no que atoparon o corpo de seu pai; dende que ninguén quixo mercar as transparencias nin o estampado serpe de Lisa, que recolleu a estrea do seu posto de moda vegana lamentando non saber idear negocios que trunfen — *Cal de todas as feridas foi a primeira*. Definitivamente vai xa moito tempo dende que o laranxa se desfixo nun morado denso que o domina todo e entón deixamos o mercadiño e viñemos aquí, a un refuxio de restos de peixe, ao abandono dunha fábrica de conservas que devén en *rave* de venres a domingo, onde o tempo é medido a intervalos imprecisos cun neon que cambia de cor cando escurece. Aquí, onde todo o mundo ri felicitado porque cre que somos guapos dabondo e que aínda estamos en boa forma e a tempo. Pero non — *Que tememos*. En realidade, todos sabemos que un lugar así soamente pode ser habitado por criaturas aterradas que bailan sen descanso. Por seres que agardan á noite e que se buscan para tremer xuntos.

Azul, e por momentos, verde. O recanto dende o que falo está xeado: é apenas un intre que conxela todo e entón quizais veña o xigante. Un pesadelo recorrente que teño dende pequena e que volta ás veces — *Que dor é a que nos une*. Non se sabe cando vai suceder: irrompe nun lapso sen permiso. De nena sorprendíame sempre, minúscula, nun estadio, nunha festa de comunión, no supermercado con mamá, nalgún lugar ateigado do meu imaxinario infantil no que de repente os corpos se detiñan en seco coma se alguén pulsase *pause*. Todos menos o meu, que continuaba palpitante e vívido e entón eu sabía que el estaba a piques de chegar. Un xigante cego de tres metros de altura —ou calquera medida desproporcionada para os meus ollos de nena— que entraba na escena para uliscar o mínimo movemento, o posible erro que delatase a presenza desertora, a de quen no medio da multitude conxelada ousaba continuar viva. E entón a miña terrorífica tarefa consistía en finxir quietude perfecta: fundirme, facerlle crer que eu era igual ao resto. — *E por que non o era?* Contendo a respiración escoitaba aqueloutra, pesada, cada

vez máis preto. Pero sempre espertaba xusto antes de que el me descubrise —*E que tería pasado se non*. Imposible sabelo. Do meu pesadelo recorrente só quedaba unha tensión en suspenso. O pavor dun momento lúcido. Dun intre coma este.

A luz cambia a amarelo e contámonos cousas lixeiras e agradables. A frivolidade é unha casa. Os nosos corpos son porosos e súan e ás veces lambemos as calugas salgadas coma forma de cariño. —*Toda esta levedade nos salva*. Ao fondo hai alguén facendo un disparate —pero tanto ten porque sempre hai alguén ao fondo facendo un disparate— e gargalladas, *techno*. Lisa quere facer pis, pero non pode, que difícil non enredarse coas medias de reixa e sen conseguir baixalas pola frouxidade da keta, cos brazos pendentos, coma desmembrados do corpo, pídeme axuda, perde glamour, ri forte. Lukas fuma e lamenta o seu mal gusto para os amantes, di que sempre elixe personaxes inconsistentes, a carta do tolo no Tarot, para que me entendas —*Pero como non amar o extraviado e o maltreito se a nós tamén nos faltan anacos, estamos cheos de mordidas*. E entón eu tamén confeso, falo do xigante e sorpréndome de que o saiban. Din que eles tamén o coñecen. Que perderon a conta das veces que o viron irromper nos seus soños infantís —*Eles tamén pasaron a vida fuxindo*. Pero prometen que non vai aparecer, non agora. Aquí non pode, Carola, isto é un limbo, construímos definitivamente unha fenda: á nosa maneira, medramos. Entón unimos firmes os maimiños e neste círculo conxuramos o inverso. Transformamos o sentido do instante; sentíndonos por primeira vez parte de algo, trazamos un símbolo salvífico. A pertenza cámbianos —*Acaso isto era? Acabamos de curarnos?*

Branco, mañá, resplandor cego. Pasaron tres días e o neon xa non brilla. Unha vez máis todo se conxela e neste intre ao meu carón ninguén se move. Sobre o cemento sol e corpos quedos. Lukas e Lisa paralizados nun ademán de peixe sen auga e detrás da miña noca, coma hai tantos anos, unha respiración subterránea que se achega. O xigante arrastra pasos lentos. Eu baixo as pálpebras e calcúlolle a distancia en dez; un, dous, tres, catro, manteño unha inmovilidade crible, tantas veces ensaiada, cinco, seis, sete, pero non, nesta ocasión algo vai ser distinto, oito, nove e cando case me alcanza, cando podo notar o seu bafo sobre a miña pel, dou volta. —*Dez*. Estou aquí, dígolle abrindo os ollos. E desta vez o mundo reinicia.

Claustrofobia

Un rocho. Estará cheo de caixas de cartón espalladas por todo o espazo, creando a sensación de estarmos dentro dun labirinto. O chan aparece cuberto de trastes, roupas e obxectos, resumo dunha vida. Unha densa capa de po cúbreo todo.

o actor

Entra un actor vestido impecablemente con traxe. Na man leva unha bolsa de plástico da que saca un mandil, unha máscara, un pano e unhas luvas de fregar, que vai poñendo con precisión ata quedar completamente protexido. Cando está preparado observa o espazo avaliando o traballo, prende unha radio e comeza a recoller. escoitamos extractos breves de programas radiofónicos alternando con silencios e z Unidos. Nunha pantalla posterior, proxéctase un vídeo no que se amosan de maneira continua diferentes rochos cheos ata rebordar. O actor vai enchendo as caixas, precíntaas con cinta de embalar e colócaas dun xeito ordenado. Ao rematar, limpa o chan cunha aspiradora, apaga a radio e vaíse.

o autor

De súpeto, unha das caixas comeza a bambea e a caer. escoitamos rañar dentro, algo ou alguén tenta escapar dela. Pouco a pouco consegue abrir un oco no cartón ata saír. É o autor, que se arrastra medio afogado fóra da caixa. Cando toma alento, íspese e guinda coa roupa lonxe. Camiña desorientado e bate coas outras caixas, que caen coma un xogo de fichas de dominó. Tenta fuxir do rocho, pero non pode, está fechado. Comeza a falar co público, á vez que enche e baleira caixas de maneira compulsiva.

Cando eu era un rapaz os edificios non tiñan garaxes nin rochos, pero si faiados.

Lembro o faiado da miña casa.

O edificio tiña catro andares.

Unhas escaleiras estreitas de terrazo levaban a el.

Recordo a calor baixo a uralita, abafábame.

Quen sabía naquel momento que era canceríxena?

Que podía matar.

Sabíase.

Sabíase desde os anos trinta.

Pero calaron... e fixeron cartos.
Calaron... e viviron ben, eles, vendo morrer a xente.
Aínda segue a morrer.
Mentres a uralita dos nosos tellados segue espallando o seu veneno ao ar.

Eramos moitos irmáns e aínda que o piso era grande non había sitio para todos.

Cando eu nacín os meus irmáns maiores xa estaban a estudar en Santiago.
Nas vacacións había que poñer camas en todas partes, incluso na cociña.
Eran camas de encartar, eu aínda conservo unha no rocho.
Naquel tempo os médicos receitaban inxeccións para curar as enfermidades.
Por que agora xa non o fan?
Non o sei...
Tampouco receitan supositorios.
Se un estaba enfermo, o practicante víñate picar á casa.
Ás veces había algún familiar ou veciño que aprendera a poñer as inxeccións na posguerra.
Non era o noso caso.
De neno a min dábanme moito medo as agullas.
Cando viña á casa o practicante agochábame dentro dunha cama de encartar para que non me atopasen.
Sempre me atopaban.
Lembro a caloriña dentro daquel colchón vermello e branco.
Era como volver ao ventre materno.
(O autor métese dentro da cama de encartar con esforzo, e NACE)
Cando nacín matei a miña nai?
Non, non a matei.
Non a matei de todo.
Era o noveno fillo.
Só lle roubei as poucas forzas que aínda lle quedaban.

Aquela cama acabou no faiado chea de po.

Eu aínda lembro facer as miñas primeiras pallas dentro dela.
Iso significa que padecía o complexo de Edipo?
Que quería foder coa miña nai?
Quen o sabe...!
Había moito po naquel chan de cemento, sen rematar.

Había moitas caixas con libros... cheas de po.
Todo estaba cheo de po,
aínda que estivese pechado e precintado con cinta de embalar.
Tentando conservar o pasado só conservamos as cinzas.
O po.

Daquela aínda non había rochos, nin tampouco garaxes.

A pechadura do faiado estaba rota e non se podía abrir desde dentro,
por iso había que ter coidado de deixar a porta aberta.
Un día que chovía levei un par de amigos xogar alí,
pero eles non o sabían.
Cando me decatei xa era tarde.
Estabamos pechados.
Completamente pechados.
Batemos na porta con todas as nosas forzas,
pero non fomos capaces de tirala abaixo.
Entón, berramos, berramos, berramos...
Pero ninguén nos escoitaba.
Berramos máis, ata queimar as nosas gorxas.
Non tivemos resposta.
Había un fiestra que daba ao patio do bloque
e faciamos acenos a ver se alguén nos vía.
Cando xa estabamos desesperados,
un dos meus amigos propuxo tentar baixar pola fiestra.
Estabamos nun cuarto andar.
Mandoume que me descolgase pola fachada
e avisase de que estabamos encerrados.
Pero estabamos nun cuarto andar.
Eu pensaba que xa ninguén se acordaría de nós,
que morreríamos alí.
Así que decidín facelo.
Tiña cinco anos e moito medo.
Agora teño cincuenta e moito medo.
Recordo estar pendurado da fiestra coas pernas ao ar.
Entón chegou o meu pai,
avisado por unha veciña que nos vira pedir axuda.
Aínda conservo ese recordo.
É meu!
Apostaría a miña vida a que foi verdade.

Pero non o sei... e nunca me atrevín a preguntalo.
Aínda hoxe o conservo na miña memoria.
Xa pasaron corenta e cinco anos desde aquela.
Meu pai morreu.
Miña nai morreu.
Miña irmá Sabela morreu.
E xa non hai faiados dos edificios, hai rochos nos garaxes.
Desde aquela teño claustrofobia e non podo estar en lugares pechados.
Desde aquela non me abandonou o medo.

Pano

Claustrofobia foi estreada o 23 de novembro de 2019
no II Festival de Pezas dun Teatro do Porvir da AELG,
con Pablo Núñez no papel de actor e Carlos Labraña no de autor,
baixo a dirección de Paula Ribes.

Raquel Castro

Eva con presbicia

O escenario, baleiro e escuro, ilumínase coa chegada de Eva que acende as luces e rompe o silencio arrastrando un carriño de limpeza. Ao prenderse as luces, podemos ver o que antes intuíamos: unha grande estrutura de metacrilato que separa a escena do público.

Eva, detrás do metacrilato, é só unha figura borrosa para o público. Comeza a limpar, chifra desinfectante e pasa un pano, que permitirá irla vendo pouco a pouco.

EVA: Moito virus hai aquí pegado, que porcallada. Virus, parasitos e moita merda. Calquera diría que o limpei onte ás seis da mañá. Ás seis da mañá, ás seis *am*, que se di logo. Noite pecha e eu aquí, mentres outros dormen, mentres o outro dorme.

PULVERIZADOR: *(Tallante) Chiff, chiff*

EVA: ERTE, un ERTE, el non ten a culpa, mais se eu me ergo ás cinco da mañá, cinco *am*, tamén el podía erguerse ás oito, digo eu. Traballo fóra, traballo dentro, traballo todo o día dende que teño uso de razón.

PULVERIZADOR: *(Axitado) Chiff, chiff*

EVA: O paraíso, díxome que iamos construír o paraíso entre os dous. Diso hai trinta anos e do paraíso só quedaron os troncos secos das palmeiras que secou o becho. A casa só cheira a paraíso os domingos pola mañá, cando remato de limpar. Toda a semana limpo a merda dos demais, os domingos limpo a nosa merda.

PULVERIZADOR: *(Canso) Chiff, chiff*

EVA: E estou cansa de limpar merda, moi cansa. Xa me doen os brazos de tanto darlle ao pano. Teño cincuenta anos, que se di logo. Non son cincuenta anos *am*, son cincuenta anos *pm*, que pesan máis. Pesan como o tempo fóra do paraíso.

PULVERIZADOR: *(Moi canso) Chiff, chiff*

EVA: *(Para de limpar e mírase no anaco de metacrilato que leva limpo e abanea as peles que lle colgan dos brazos)* Os brazos son coma espeteiras ás que lles colgan farrapos. Descubrino hai dous veráns, cando puxen o vestido de tiras, que tan ben me sentaba. Non volvín poñelo.

PULVERIZADOR: *(Resignado) Chiff, chiff*

EVA: E o cu? O cu marchou, caeu, foise. (*Mírase no metacrilato e fai a postura de botar o cu para atrás*) Pois non será polo tempo que paro sentada, todo o día de aquí para alá, limpando merda, merda e máis merda. A merda de moitos cus caídos no baleiro do tempo.

PULVERIZADOR: (*Divertido*) *Chiff, chiff*

EVA: E a min non me gustan as mazás, non fun eu a Eva que comeu a mazá. A ver, entón, quen me botou do paraíso? Quen?

PULVERIZADOR: (*Nervioso*) *Chiff, chiff, chiff, chiff, chiff, Chiff, chiff, chiff, chiff, chiff*

EVA: Como tiña pouco traballo, agora isto! A matar virus todo o día. Duplicóuseme o traballo, se antes limpaba unha vez, agora limpo catro. E gañar, gaño o mesmo e aínda teño que estar agradecida de ter merda que limpar, moi agradecida a quen me botou do paraíso.

PULVERIZADOR: (*Axitado*) *Chiff, chiff, chiff, chiff, chiff*

EVA: Co cacharro este na man, todo o día. Chifra para riba, chifra para baixo e ninguén me aplaude, ninguén veu darme as grazas. Só me deron un aparello máis para o carriño e dálle. Tira para diante. Mata bechos invisibles. Mátaos a todos e dá grazas que non facemos un ERTE.

PULVERIZADOR: (*Ofendido*) *Chiff, chiff, chiff, chiff, chiff*

EVA: E Eva, Eva na súa gratitude, dá as grazas cada día da súa vida cando se ergue ás cinco *am* e sae da cama, e viste a funda azul, que xa lle queda frouxa e non lle marca o cu plano, que fuxiu un día na busca do paraíso perdido. E Adán segue durmindo e non sabe que Eva está farta.

PULVERIZADOR: (*Farto*) *Chiff, chiff, chiff, chiff, chiff*

EVA: Saio de noite e chego de noite ao meu paraíso. É o castigo, o castigo por ter sido mala e facerlle caso á serpe. A serpe que me enganou e me dixo que todo ía ser marabilloso.

PULVERIZADOR: (*Ríndose*) *Chiff, chiff, chiff, chiff, chiff*

EVA: E eu non quería ver máis, nin saber máis, valíame co que tiña. Coa cegueira do amor eterno no meu paraíso con palmeiras sen becho.

PULVERIZADOR: (*Facendo mofa*) *Chiff, chiff, chiff, chiff, chiff*

EVA: Mais a serpe estaba agochada debaixo da merda, debaixo da alfombra e saíu, saíu con todo o seu veneno e fíxome ver na escuridade.

PULVERIZADOR: (*Ás gargalladas*) *Chiff, chiff, chiff, chiff, chiff*

EVA: Agora xa nada é igual, nada se ve igual. Non hai paraíso e Adán ronca ao meu carón inconsciente, mentres eu me afano por seguir durmida.

PULVERIZADOR: *(Esgotado) Chiff*

Remata a limpeza do metacrilato. Tira de mala gana o pulverizador no carro.

EVA: Listo! Sen xermes, sen virus, sen parasitos. *(Fíxase nunha pequena mancha no centro do gran cristal que acaba de limpar)* Aquí quedou algo! *(Cospo na mancha e limpa coa manga da funda)* Xa está! Limpa coma unha patena.

Recolle e vaise. A escena queda a escuras cando ela sae.

VOCES DE FÓRA

DOOR
NIA

“Estou definitivamente do lado da vida”: Antonin Artaud

ORIANA MÉNDEZ

“Estou definitivamente do lado da vida”, expresa Antonin Artaud neste texto que hoxe traemos humildemente ao galego: *Fragmentos dun diario no inferno*, orixinal de 1929. Do lado da vida, mais tamén do lado da fatalidade que escolleu ao noso protagonista, creador total entregado á investigación do subconsciente e ao coñecemento artístico radical. *Fragmentos dun diario no inferno*, ademais de aludir a aqueloutro poema do primeiro poeta maldito —*Unha tempada no inferno*, de Arthur Rimbaud—, constitúe, xunto con *O Pesa-Nervios*, o corazón híbrido da obra de Artaud. Un núcleo mixto e heteroxéneo no que a adscrición a un só xénero non abonda para caracterizar a súa produción considerada de prosa poética. Ou si. Só é poema.

Mais, de certo, a adscrición e a conformidade non son trazos que definan a este referente vangardista do século XX: Artaud escritor, pensador, creador, paciente de fondas doenzas psíquicas que dedicou a vida a cuestionar, pola vía da teoría e da práctica, fronteiras e convencións non só da arte, senón do pensamento e da comunicación. Artaud atravesou a vida coma o río en ebulición do novo século XX que se abría paso en Europa. Monstro experimental e anovador, non se situou directamente nin sequera no movemento cuxos autores se consideraban xa a si mesmos coma os xefes de darlle a volta ás cousas: o surrealismo. Contrario á figura do escritor como institución, dalgún xeito fixo da súa arte un proceso psicolóxico experimental. Ou á inversa: do seu longo periplo pola enfermidade e pola dor, fixo expresión artística creadora. Susan Sontag dixo da súa obra: “unha poética, unha estética do pensamento, unha teoloxía da cultura e unha fenomenoloxía do sufrimento”.

Aínda que combatía as etiquetas por seren ameaza á evolución *Máis Alá*, é innegábel a súa contribución a dúas formas da arte: o teatro e a poesía, ámbalas dúas atravesadas polo risco da experimentación. Artaud pretendeu acadar os máis altos niveis artísticos e superar os modelos existentes, desbotando por completo a concepción dominante do que eran a corrección e o bo gusto. A experiencia artística debía ser dolorosa e extenuante para o público e para el mesmo. De aí tamén a súa procura, en México, no ano 1935, de exploracións persoais alucinantes co pobo Tarahumara.

Foi dende o seu primeiro ano de vida cando comezou a padecer intensas dores que, nas biografías do autor, se asocian á meninxite. Neuralxias e

tratamentos mentais alteradores da sensibilidade que o introduciron para sempre nunha travesía entre a dor e a creación. Artaud faleceu aos 51 anos, despois de numerosas e longas tempadas de ingresos en hospitais psiquiátricos, deixando unha pegada de vontade transformadora que chega ata hoxe.

Fóra dos seus textos, a súa arte do subconsciente rachou fronteiras e acadou un fondo impacto no último terzo do século XX: Derrida, Deleuze, Sontag ou Kristeva ocupáronse de desentrañar a súa proposta. Artaud mundializouse e, nesa globalización xenerosa e antiimperialista, ingresou en Galicia. Na onda da arte que quixo elevar o subconsciente a obxecto da literatura, como tamén da pintura, que non se limitaba estritamente á escola francesa do surrealismo, está Artaud, como están tamén os nosos Luís Pimentel, Carlos Oroza ou Reimundo Patiño. De feito, xa na segunda época de Brais Pinto, encontramos unha referencia directa a Antonin Artaud na contracapa dun dos pioneiros cómics galegos: *2 VIAXES*, asinado por Xaquín Marín e Reimundo Patiño, en 1975. Sobrevoando algunhas décadas, a presenza de Artaud fíxose poema en galego na voz de quen, probablemente, de xeito máis persoal e revolucionario dialogou co autor francés dende a poesía, Chus Pato. “Só o nome perfecto de Deus, o nome de Antonin Artaud onde alguén ispe / a pedra (...)” (Pato 2000). E tamén: “abrir os ollos era contemplar toda unha grilanda de papel de liar pendurada na parede, na que se repetía ata o infinito o rostro de Antonin Artaud” (Pato 2005). Materia para outra análise é a investigación dos ecos e das sombras que o teórico do teatro da crueldade e autor d’ *O teatro e o seu duplo* deixou na dramaturxia galega. Sospeitamos que Roberto Vidal Bolaño, Euloxio R. Ruibal ou Afonso Becerra de Becerreá teñen bibliografía abonda para irmos desennobelando.

Bibliografía

Artaud, A. (1968). *L’Ombilic des limbes, suivi de Le Pèse-Nerfs et autres textes*. Paris: Gallimard.

Sontag, S. (1976). *Aproximación a Artaud*. Barcelona: Lumen.

Marín, X. e Patiño, R. (1975). *2 VIAXES*. Madrid: Brais Pinto Gráfica.

Pato, C. (2000). *M-Talá*. Vigo: Edicións Xerais de Galicia.

Pato, C. (2005). *Charenton*. Vigo: Edicións Xerais de Galicia.



Fragments d'un journal d'enfer

ANTONIN ARTAUD

à André Gaillard

Ni mon cri ni ma fièvre ne sont de moi. Cette désintégration de mes forces secondes, de ces éléments dissimulés de la pensée et de l'âme, concevez-vous seulement leur constance.

Ce quelque chose qui est à mi-chemin entre la couleur de mon atmosphère typique et la pointe de ma réalité.

Je n'ai pas tellement besoin d'aliment que d'une sorte d'élémentaire conscience.

Ce noeud de la vie où l'émission de la pensée s'accroche.

Un noeud d'asphyxie centrale.

Simplement me poser sur une vérité claire, c'est-à-dire qui reste sur un seul tranchant.

Ce problème de l'émaciation de mon moi ne se présente plus sous son angle uniquement douloureux. Je sens que des facteurs nouveaux interviennent dans la dénaturation de ma vie et que j'ai comme une conscience nouvelle de mon intime déperdition.

Je vois dans le fait de jeter le dé et de me lancer dans l'affirmation d'une vérité pressentie, si aléatoire soit-elle, toute la raison de ma vie.

Je demeure, durant des heures, sur l'impression d'une idée, d'un son. Mon émotion ne se développe pas dans le temps, ne se succède pas dans le temps. Les reflux de mon âme sont en accord parfait avec l'idéalité absolue de l'esprit.

Me mettre en face de la métaphysique que je me suis faite en fonction de ce néant que je porte.

Cette douleur plantée en moi comme un coin, au centre de ma réalité la plus pure, à cet emplacement de la sensibilité où les deux mondes du corps et de l'esprit se rejoignent, je me suis appris à m'en distraire par l'effet d'une fausse suggestion.

L'espace de cette minute que dure l'illumination d'un mensonge, je me fabrique une pensée d'évasion, je me jette sur une fausse piste indiquée par mon sang. Je ferme les yeux de mon intelligence, et laissant parler en moi l'informulé, je me donne l'illusion d'un système dont les termes m'échapperaient. Mais de cette minute d'erreur il me reste le sentiment d'avoir ravi à l'inconnu quelque chose de réel. Je crois à des conjurations spontanées. Sur les routes où mon sang m'entraîne il ne se peut pas qu'un jour je ne découvre une vérité.

Fragmentos dun diario no inferno

ANTONIN ARTAUD

Para André Gaillard

Nin o meu berro nin a miña febre me pertencen. Poden sequera vostedes concibir esa desintegración das miñas forzas segundas, deses elementos disimulados do pensamento e da alma?

Ese algo que está a metade de camiño entre a cor da miña atmosfera típica e a punta da miña realidade.

Non preciso tanto dun alimento coma dunha especie de conciencia elemental.

Ese nó da vida ao que se aferra a emisión do pensamento.

Un nó de asfixia central.

Pousarme simplemente sobre unha verdade clara, é dicir, que fica sobre un só gume.

Ese problema da emaciación do meu eu xa non se presenta no seu ángulo unicamente doloroso. Sinto que novos factores interveñen na desnaturalización da miña vida e que teño algo así coma unha nova conciencia do meu íntimo quebranto.

Vexo toda a razón da miña vida no feito de rebolar o dado e de precipitarme na afirmación dunha verdade presentida, por aleatoria que sexa.

Permanezo durante horas coa impresión dunha idea, dun son. A miña emoción non se desenvolve no tempo, non se sucede no tempo. Os refluxos da miña alma están en perfecto acordo coa idealidade absoluta do espírito.

Enfrontar a metafísica que elaborei para min en función dese nada que levo comigo.

Desa dor cravada en min coma unha racha, no centro da miña máis pura realidade, nese lugar da sensibilidade en que os mundos do corpo e do espírito se encontran, aprendín a evadirme mediante unha falsa suxestión.

No espazo dese minuto que dura a iluminación dunha mentira, elaboro para min un pensamento de evasión, precipítome sobre unha pista falsa que o meu sangue sinala. Pecho os ollos da miña intelixencia e, deixando falar en min non enunciado, concédome a ilusión dun sistema cuxos termos fuxirían de min. Pero dese minuto de erro quédame o sentimento de ter arrincado ao descoñecido algo real. Creo nos conxuros espontáneos. Nas rutas polas que me arrastra o meu sangue non pode ser que eu non descubra un día unha verdade.

La paralysie me gagne et m'empêche de plus en plus de me retourner sur moi-même. Je n'ai plus de point d'appui, plus de base... je me cherche je ne sais où. Ma pensée ne peut plus aller où mon émotion et les images qui se lèvent en moi la poussent. Je me sens châtré jusque dans mes moindres impulsions. Je finis par voir le jour à travers moi même, à force de renonciations dans tous les sens de mon intelligence et de ma sensibilité. Il faut que l'on comprenne que c'est bien l'homme vivant qui est touché en moi et que cette paralysie qui m'étouffe est au centre de ma personnalité usuelle et non de mes sens d'homme prédestiné. Je suis définitivement à côté de la vie. Mon supplice est aussi subtil, aussi raffiné qu'il est âpre. Il me faut des efforts d'imagination insensés, décuplés par l'étreinte de cette étouffante asphyxie pour arriver à penser mon mal. Et si je m'obstine ainsi dans cette poursuite, dans ce besoin de fixer une fois pour toutes l'état de mon étouffement...

Tu as bien tort de faire allusion à cette paralysie qui me menace. Elle me menace en effet et elle gagne de jour en jour. Elle existe déjà et comme une horrible réalité. Certes je fais encore (mais pour combien de temps ?) ce que je veux de mes membres, mais voilà longtemps que je ne commande plus à mon esprit, et que mon inconscient tout entier me commande avec des impulsions qui viennent du fond de mes rages nerveuses et du tourbillonnement de mon sang. Images pressées et rapides, et qui ne prononcent à mon esprit que des mots de colère et de haine aveugle, mais qui passent comme des coups de couteau ou des éclairs dans un ciel engorgé.

Je suis stigmatisé par une mort pressante où la mort véritable est pour moi sans terreur.

Ces formes terrifiantes qui s'avancent, je sens que le désespoir qu'elles m'apportent est vivant. Il se glisse à ce noeud de la vie après lequel les routes de l'éternité s'ouvrent. C'est vraiment la séparation à jamais. Elles glissent leur couteau à ce centre où je me sens homme, elles coupent les attaches vitales qui me rejoignent au songe de ma lucide réalité.

Formes d'un désespoir capital (vraiment vital),
carrefour des séparations,
carrefour de la sensation de ma chair,
abandonné par mon corps,
abandonné de tout sentiment possible dans l'homme.

Je ne puis le comparer qu'à cet état dans lequel on se trouve au sein d'un délire dû à la fièvre, au cours d'une profonde maladie.

C'est cette antinomie entre ma facilité profonde et mon extérieure difficulté qui crée le tourment dont je meurs.

A parálise apodérase de min e impídeme cada vez máis regresar sobre min mesmo. Xa non teño punto de apoio nin tampouco unha base... Non sei onde me busco. O meu pensamento xa non pode ir alí onde a miña emoción e as imaxes que xorden en min o empurran. Síntome castrado ata nos meus impulsos mínimos. Remato por nacer a través de min mesmo, a forza de renuncias en todos os sentidos da miña intelixencia e da miña sensibilidade. É preciso que se comprenda que é efectivamente o home vivo en min o que está afectado e que esa parálise que me afoga está no centro da miña personalidade habitual e non dos meus sentidos de home predestinado. Estou definitivamente do lado da vida. O meu suplicio é tan sutil, tan refinado como áspero. Preciso facer esforzos de imaxinación desmesurados, multiplicados polo abrazo desa asfixia opresiva para chegar a pensar a miña dor. E se insisto nesa procura, nesa necesidade de definir dunha vez por todas o estado do meu afogo...

Equivócaste ao facer alusión a esta parálise que me ameaza. Ameázame, en efecto, e aumenta cada día que pasa. Existe xa coma unha horribel realidade. É certo que eu fago aínda (pero canto durará?) o que quero cos meus membros, pero hai moito tempo que xa non goberno a miña mente e que o meu inconsciente todo enteiro me goberna con impulsos que veñen do fondo das miñas dolorosas crises nerviosas e do furacán do meu sangue. Imaxes apresuradas e rápidas e que non lle din á miña mente máis ca palabras de cólera e de odio cego, pero que pasan coma coiteladas ou lóstregos nun ceo turbio.

Levo o estigma dunha morte imperiosa na que a morte verdadeira non infunde terror en min.

Sinto que a desesperación traída por esas formas aterradoras que se adiantan está viva. Escorrega nese nó da vida logo do cal se abren os camiños da eternidade. É verdadeiramente a separación para sempre. Esvaran o seu coitelo ata ese centro no que eu me sinto home, cortan as ataduras vitais que me unen ao soño da miña lúcida realidade.

Formas dunha desesperación capital (realmente vital),
encrucillada das separacións,
encrucillada da sensación da miña carne,
abandonado polo meu corpo,
abandonado por calquera sentimento posíbel no home.

Só podo comparalo con ese estado no que nos encontramos no medio dun delirio provocado pola febre, no curso dunha profunda enfermidade.

Esta antinomía entre a miña facilidade profunda e a miña dificultade exterior crea o tormento que me fai morrer.

Le temps peut passer et les convulsions sociales du monde ravager les pensées des hommes, je suis sauf de toute pensée qui trempe dans les phénomènes. Qu'on me laisse à mes nuages éteints, à mon immortelle impuissance, à mes déraisonnables espoirs. Mais qu'on sache bien que je n'abdique aucune de mes erreurs. Si j'ai mal jugé, c'est la faute à ma chair, mais ces lumières que mon esprit laisse filtrer d'heure en heure, c'est ma chair dont le sang se recouvre d'éclairs.

Il me parle de Narcissisme, je lui rétorque qu'il s'agit de ma vie. J'ai le culte non pas du moi mais de la chair, dans le sens sensible du mot chair. Toutes les choses ne me touchent qu'en tant qu'elles affectent ma chair, qu'elles coïncident avec elle, et à ce point même où elles l'ébranlent, pas au delà. Rien ne me touche, ne m'intéresse que ce qui s'adresse directement à ma chair. Et à ce moment il me parle du Soi. Je lui rétorque que le Moi et le Soi sont deux termes distincts et à ne pas confondre, et sont très exactement les deux termes qui se balancent de l'équilibre de la chair.

Je sens sous ma pensée le terrain qui s'effrite, et j'en suis amené à envisager les termes que j'emploie sans l'appui de leur sens intime, de leur substratum personnel. Et même mieux que cela, le point par où ce substratum semble se relier à ma vie me devient tout à coup étrangement sensible, et virtuel. J'ai l'idée d'un espace imprévu et fixé, là où en temps normal tout est mouvements, communication, interférences, trajet.

Mais cet effritement qui atteint ma pensée dans ses bases, dans ses communications les plus urgentes avec l'intelligence et avec l'instinctivité de l'esprit, ne se passe pas dans le domaine d'un abstrait insensible où seules les parties hautes de l'intelligence participeraient. Plus que l'esprit qui demeure intact, hérissé de pointes, c'est le trajet nerveux de la pensée que cet effritement atteint et détourne. C'est dans les membres et le sang que cette absence et ce stationnement se font particulièrement sentir.

Un grand froid,
une atroce abstinence,
les limbes d'un cauchemar d'os et de muscles, avec le sentiment des fonctions stomacales qui claquent comme un drapeau dans les phosphorescences de l'orage.

Images larvaires qui se poussent comme avec le doigt et ne sont en relations avec aucune matière.

Je suis homme par mes mains et mes pieds, mon ventre, mon coeur de viande, mon estomac dont les noeuds me rejoignent à la putréfaction de la vie.

O tempo pode transcorrer e as convulsións sociais do mundo asolar os pensamentos dos homes; estou a salvo de todo pensamento que penetre nos fenómenos. Que me abandonen coas miñas nubes apagadas, coa miña inmortal impotencia, coas miñas absurdas esperanzas. Pero que saiban ben que non abdicó de ningún dos meus erros. Se xulguei mal é culpa da miña carne, pero esas luces que o meu espírito deixa filtrar de tanto en tanto son a miña carne cuxo sangue se reviste de relampos.

Fálame de narcisismo, retrúcolle que se trata da miña vida. Teño o culto non de min senón da carne, no sentido sensíbel da palabra carne. Ningunha cousa me afecta salvo que afecte á miña carne, que coincida con ela e só nese punto exacto en que a estremece, non máis alá. Só me toca e só me interesa aquilo que se dirixe directamente á miña carne. E nese intre fálame de Si. Contéstolle que o Eu e o Si son dous termos distintos que non deben ser confundidos e que son moi precisamente os dous termos que penden do equilibrio da carne.

Sinto a terra derrubarse baixo o meu pensamento e véxome conducido a encarar os termos que emprego sen o apoio do seu sentido íntimo, do seu substrato persoal. E incluso mellor ca iso, o punto no que ese substrato parece vencellarse á miña vida vólvese de súpeto estrañamente sensíbel e virtual. Teño a idea dun espazo imprevisto e fixado, alí onde, en tempo normal, todo é movemento, comunicación, interferencia, traxecto.

Pero esa desintegración que ataca a miña personalidade nas súas bases, nas súas comunicacións máis urxentes coa intelixencia e coa instintividade do espírito non acontece no dominio dun abstracto insensíbel no que só participarían as partes máis elevadas da intelixencia. O que esta desintegración ataca e desvía do seu camiño é o traxecto nervioso do pensamento, máis que a mente que permanece intacta, ourizada de pugas. Nos nervios e no sangue, aí se fai sentir especialmente esta ausencia e este asentamento.

Un gran frío,
unha atroz abstinencia,
os limbos dun pesadelo de ósos e músculos, coa sensación das funcións estomacais que estalan coma unha bandeira nas fosforescencias da treboada.

Imaxes larvais que se empurran coma co dedo e non teñen relacións con ningunha materia.

Son home grazas ás miñas mans e aos meus pés, ao meu ventre, ao meu corazón de animal comestíbel, ao meu estómago cuxos nós me vinculan á putrefacción da vida.

On me parle de mots, mais il ne s'agit pas de mots, il s'agit de la durée de l'esprit.

Cette écorce de mots qui tombe, il ne faut pas s'imaginer que l'âme n'y soit pas impliquée. À côté de l'esprit il y a la vie, il y a l'être humain dans le cercle duquel cet esprit tourne, relié avec lui par une multitude de fils...

Non, tous les arrachements corporels, toutes les diminutions de l'activité physique et cette gêne qu'il y a à se sentir dépendant dans son corps, et ce corps même chargé de marbre et couché sur un mauvais bois, n'égalent pas la peine qu'il y a à être privé de la science physique et du sens de son équilibre intérieur. Que l'âme fasse défaut à la langue ou la langue à l'esprit, et que cette rupture trace dans les plaines des sens comme un vaste sillon de désespoir et de sang, voilà la grande peine qui mine non l'écorce ou la charpente, mais l'ÉTOFFE des corps. Il y a à perdre cette étincelle errante et dont on sent QU'ELLE ÉTAIT un abîme qui gagne avec soi toute l'étendue du monde possible, et le sentiment d'une inutilité telle qu'elle est comme le noeud de la mort. Cette inutilité est comme la couleur morale de cet abîme et de cette intense stupéfaction, et la couleur physique en est le goût d'un sang jaillissant par cascades à travers les ouvertures du cerveau.

On a beau me dire que c'est en moi ce coupe-gorge, je participe à la vie, je représente la fatalité qui m'élit et il ne se peut pas que toute la vie du monde me compte à un moment donné avec elle puisque par sa nature même elle menace le principe de la vie.

Il y a quelque chose qui est au-dessus de toute activité humaine : c'est l'exemple de ce monotone crucifiement, de ce crucifiement où l'âme n'en finit plus de se perdre.

La corde que je laisse percer de l'intelligence qui m'occupe et de l'inconscient qui m'alimente, découvre des fils de plus en plus subtils au sein de son tissu arborescent. Et c'est une vie nouvelle qui renaît, de plus en plus profonde, éloquente, enracinée.

Jamais aucune précision ne pourra être donnée par cette âme qui s'étrangle, car le tourment qui la tue, la décharne fibre à fibre, se passe au-dessous de la pensée, au-dessous d'où peut atteindre la langue, puisque c'est la liaison même de ce qui la fait et la tient spirituellement agglomérée, qui se rompt au fur et à mesure que la vie l'appelle à la constance de la clarté. Pas de clarté jamais sur cette passion, sur cette sorte de martyr cyclique et fondamental. Et cependant elle vit mais d'une durée à éclipses où le fuyant se mêle perpétuellement à l'immobile, et le confus à cette langue perçante

Fálanme de palabras, pero non se trata de palabras, trátase da duración do espírito.

Non hai que imaxinarse que a alma non estea implicada nesta codia de palabras que caen. Ao carón do espírito, está a vida, está o ser humano no mesmo círculo dende o cal ese espírito dá voltas, unido a el por unha multitude de fíos...

Non. Todas as esgazaduras corporais, todas as diminucións da actividade física e esta incomodidade de sentirse dependente no seu propio corpo, e ese mesmo corpo cargado de mármore e deitado sobre unha mala madeira, non igualan a pena que supón estar privado da ciencia física e do sentido do seu equilibrio interior. Velaquí a gran mágoa que socava non a codia ou a armadura senón o TECIDO dos corpos: que a alma falte á lingua ou a lingua ao espírito e que esa ruptura trace, nas chairas do sentido, algo así coma un vasto suco de desesperación e de sangue. Pérdese esa faísca errante que sentimos que ERA un abismo que acumula consigo mesmo toda a extensión do mundo posíbel e a sensación dunha inutilidade tal que é coma o nó da morte. Esa inutilidade é coma a cor moral deste abismo e desta intensa estupefacción, e a súa cor física é o gusto dun sangue xurdindo a cachón a través das aberturas do cerebro.

Por máis que me digan que ese lugar perigoso está en min, eu participo da vida, represento a fatalidade que me elixe e non pode ser que se me conte entre toda a vida do mundo nun momento dado, xa que, pola súa natureza, toda esa vida do mundo ameaza o mesmo principio da vida.

Hai algo que está por riba de toda actividade humana: é o exemplo desta monótona crucifixión, desta crucifixión na que a alma non acaba nunca de morrer.

A corda que deixo atravesar a intelixencia que me ocupa e o inconsciente que me alimenta encontra, no seo do seu tecido arborescente, fíos cada vez máis sutís. E é unha nova vida que renace, cada vez máis profunda, elocuente, enraizada.

Xamais poderá esta alma que se asfixia dar algunha precisión, xa que o tormento que a mata, que a desposúe fibra tras fibra, ocorre por debaixo do pensamento, por debaixo do lugar ao que pode chegar a lingua, posto que é a ligazón mesma do que fai a alma e a mantén espiritualmente aglomerada a que se rompe a medida que a vida a convoca á constancia da claridade. Xamais haberá claridade algunha nesta paixón, nesta sorte de martirio cíclico e fundamental. E, de todos xeitos, a paixón vive, pero nunha duración con eclipses na que o fuxidío se mestura perpetuamente co inmóbil e o confuso

d'une clarté sans durée. Cette malédiction est d'un haut enseignement pour les profondeurs qu'elle occupe, mais le monde n'en entendra pas la leçon.

L'émotion qu'entraîne l'éclosion d'une forme, l'adaptation de mes humeurs à la virtualité d'un discours sans durée m'est un état autrement précieux que l'assouvissement de mon activité.

C'est la pierre de touche de certains mensonges spirituels. Cette sorte de pas en arrière que fait l'esprit en deçà de la conscience qui le fixe, pour aller chercher l'émotion de la vie. Cette émotion sise hors du point particulier où l'esprit la recherche, et qui émerge avec sa densité riche de formes et d'une fraîche coulée, cette émotion qui rend à l'esprit le son bouleversant de la matière, toute l'âme s'y coule et passe dans son feu ardent. Mais plus que le feu, ce qui ravit l'âme c'est la limpidité, la facilité, le naturel et la glaciale candeur de cette matière trop fraîche et qui souffle le chaud et le froid.

Celui-là sait ce que l'apparition de cette matière signifie et de quel souterrain massacre son éclosion est le prix. Cette matière est l'étalon d'un néant qui s'ignore.

Quand je me pense, ma pensée se cherche dans l'éther d'un nouvel espace. Je suis dans la lune comme d'autres sont à leur balcon. Je participe à la gravitation planétaire dans les failles de mon esprit.

La vie va se faire, les événements se dérouler, les conflits spirituels se résoudre, et je n'y participerai pas. Je n'ai rien à attendre ni du côté physique ni du côté moral. Pour moi c'est la douleur perpétuelle et l'ombre, la nuit de l'âme, et je n'ai pas une voix pour crier.

Dilapidez vos richesses loin de ce corps insensible à qui aucune saison ni spirituelle, ni sensuelle ne fait rien.

J'ai choisi le domaine de la douleur et de l'ombre comme d'autres celui du rayonnement et de l'entassement de la matière.

Je ne travaille pas dans l'étendue d'un domaine quelconque.

Je travaille dans l'unique durée.

con esa lingua penetrante dunha claridade sen duración. Esta maldición posúe unha elevada ensinanza para as profundidades que ocupa, pero o mundo non escoitará a súa lección.

A emoción que implica a eclosión dunha forma, a adaptación do meu estado de ánimo á potencialidade dun discurso sen duración é para min un estado moito máis precioso que a satisfacción da miña actividade.

É a pedra de toque de certas mentiras espirituais.

Esa especie de paso atrás que dá a mente, por debaixo da conciencia que a fixa, para ir na procura da emoción da vida. Esa emoción situada fóra do punto concreto en que a mente a busca e que emerxe coa súa densidade rica en formas e dun moldeado recente; esa emoción que lle entrega á mente o son conmovedor da materia, toda a alma esvara no seu molde e pasa ao seu lume ardente. Pero, aínda máis ca o lume, o que fascina a alma é a pureza, a facilidade, o natural e o glacial candor desta materia demasiado fresca cuxo sopro é ora quente, ora frío.

El coñece o que significa a aparición desa materia e de que subterráneo masacre a súa eclosión é o prezo. Esa materia é o patrón dun nada que se ignora.

Cando me penso, o meu pensamento búscase no éter dun novo espazo. Estou na lúa, así como outros están no seu balcón. Participo da gravitación planetaria coas fisuras do meu espírito.

A vida vaise facer, os acontecementos vanse suceder, os conflitos espirituais vanse resolver e eu non participarei en nada diso. Nada podo esperar nin da dimensión física nin da dimensión moral. Para min é a dor perpetua e a sombra, a noite da alma, e nin sequera teño voz para berrar.

Dilapiden as súas riquezas lonxe deste corpo insensíbel ao que xa ningunha estación, nin espiritual nin sensual, lle afecta.

Elixín o espazo da dor e da sombra como outros escolleron o do esplendor e o da acumulación de materia.

Non traballo nos límites de ningún dominio.

Traballo na duración senlleira.

POÉTICAS

DOOR
NOVA

Marilar Aleixandre

non (sempre) racho poemas

*El poema, como el paisaje,
es lugar donde se nos permite hablar con los muertos*

OLVIDO GARCÍA VALDÉS

1

escribir
á procura dos poemas
que rachabas

como auga abrollando
na area,
talvez florezan sombras
entre as liñas,
como auga

ou no reverso
do papel usado
no forro dos libros.

2

era morte a palabra?
decote advertías:
hei morrer pronto,
poboando de medos
a noite.

3

escribindo no reverso
ás veces
pestanexa unha sombra,
ou reflexos esquivos
na distancia
sobre o mar.

4

din que teño as túas mans,
se non as miro
se as deixo escribir soas
talvez, talvez

coa pastilla de tinta chinesa
do mercado de Su-Zhou
trazo caracteres incomprensíbeis
ao non haber ninguén
case ninguén a quen non mentir

ao final, sen saber
por que os rachabas,
onde os fragmentos,
sen saber.





Pilar Pallarés

Nai – Outra

1

Non senta á súa mesa.
Onde se senta ela hai un prato baleiro
mergullado entre voces e barullo de máquinas.
Fálanlle desde o abismo
que entrou nela
para desovar
e anda a proliferarlle nas membranas
como outro ser superposto ao seu ser,
como unha coiraza
que estrañamente a expón en carne viva.

2

Vaise sen se despedir.
Xa esqueceu o lugar,
pois só é a forma que adoptou na súa metamorfose o tempo.
Abandonar antes de a abandonaren,
ser estatua de sal que virou seixo
e apagou a ollada.

3

Por que as voces de agora sulagan o pasado?
É agua o son,
e ela a pedra que cai en círculos concéntricos.

4

Quen entra en quen?
O abismo de fóra rebordou dentro.

5

Ela non é os outros:

é a outra.

O sitio perigoso:

se nel senta,

hase partir en dúas a súa lingua

e xeminar a ollada duplicando o medo.

(“Nai-Outra”)

6

Ela no alén dos outros,

no reverso,

onde o molde invertido das palabras

nega.

SUMARIO

- 5 **CREACIÓN**
- 7 ABRAHAM PÉREZ
o corpo transparente das horas
- 11 ALEXANDRE NERIUM
Soneto
- 12 ALFONSO PEXEGUEIRO
Un repaso de vida
Elas
O Pobo, Ela e mais o paporrubio
Falamos de poetas. Poetas? Qué é iso?
- 17 ALMUDENA OTERO VILLENA
O silencio, ou roteiro sonoro pola memoria dos lugares vividos
- 18 AMAUTA CASTRO
Acupuntura do pracer
- 19 ARANCHA NOGUEIRA
a sesta
- 22 BALDO RAMOS
Eterno retorno
- 24 BENJAMÍN VIDAL
Hieros Gamos

- 26 CARLOS DA AIRA
Fitar os ollos do corzo
- 28 CARMEN DE MILMANDA
pacífico
- 30 CHUS PATO
Desde o sur
entrando pola parte sur
- 32 CLAUDIO RODRÍGUEZ FER
Emily Dickinson vendo pasar as cervas con Pero Meogo
ADN do amor e do pracer
- 37 GENARO DA SILVA
Antropófago (fragmentos)
- 40 HELENA VILLAR JANEIRO
Desde outra pel
- 43 LOIS ALCAYDE DANS
Adeuses
- 46 LUCÍA CERNADAS
[Extenúame este nome que me condena á entrega]
- 47 MARCOS DE LA FUENTE
Tintureira do Hudson
- 51 MARISOL GÁNDARA
Artrite, depresión e outras ameazas
De Camariñas a París
Mater nihilismo
(Recorte social) Crecemento persoal
- 57 MIGUEL CAVADAS
réquiem
- 58 NIEVES NEIRA ROCA
Tempera magra
- 61 NURIA ERRE PE
En Celidonia non venden medias
- 65 PAULINO PEÑA
[acharse no centro da]

- 67 RAFA LOBELLE
Chaguazoso
- 70 RAFA VILAR
Das Kapital
- 73 REGINA TOUCEDA
[o amor está nas mans, nesa caligrafía inmensa partida en anacos]
[a coincidencia é unha lapa ardente]
- 75 ANA CABALEIRO
A espera
- 77 HUGO COLLAZO PÉREZ
En prol dunha literatura aquotada
- 81 IRIA COLLAZO LÓPEZ
Os mortos que ameí
- 84 NEREA PALLARES
Á nosa maneira, medramos
- 86 CARLOS LABRAÑA
Claustrofobia
- 90 RAQUEL CASTRO
Eva con presbicia
- 93 **VOCES DE FÓRA**
- 95 “ESTOU DEFINITIVAMENTE DO LADO DA VIDA”: ANTONIN ARTAUD
Tradución Oriana Méndez
- 98 ANTONIN ARTAUD
Fragments d’un journal d’enfer | Fragmentos dun diario no inferno
- 109 **POÉTICAS**
- 111 MARILAR ALEIXANDRE
- 115 PILAR PALLARÉS

Este volume da revista
Dorna. Expresión poética galega
saíu do prelo nos obradoiros da Imprenta
Universitaria. Compostela,
febreiro de 2021



DORNA



2020
EXPRESSION POÈTICA GALEGA Nº 43